

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

Memoria
2018



**Cidade da
Cultura de
Galicia**



01

Remate da Cidade da Cultura

02

Actividade Cultural

03

Emprender no Gaiás

04

Biblioteca de Galicia

05

Arquivo de Galicia

06

Eventos acollidos na Cidade da Cultura

07

As Torres Hejduk: o 'faro' do Gaiás

08

Comunidade Gaiás

Cidade da Cultura de Galicia

A Cidade da Cultura de Galicia é un polo cultural de referencia internacional dedicado á difusión do coñecemento, á creatividade e á innovación. Esta potente infraestrutura ofrece unha programación estable de actividades para todos os públicos, así como unha rede de apoio á creación de novos proxectos culturais, creativos e tecnolóxicos.

No 2018 iniciáronse as obras do Fontán, o edificio co que se rematará o proxecto da Cidade da Cultura e que estará finalizado no 2020, impulsáronse os traballos de conexión coa Autopista do Atlántico (AP-9), principal arteria de comunicación de Galicia, e ampliáronse as áreas verdes, estendendo a superficie do Bosque de Galicia e transformación nun xardín o antigo baleiro do Teatro da Música.

As persoas que se achegaron ao Gaiás puideron emocionarse diante de A derradeira leición do mestre, o embleático óleo de Castelao por primeira vez exposto en Galicia, así como repasar 150 anos de arte galega, descubrir a fotógrafos universais ou gozar da boa música nos solpores de verán. O Gaiás acolleu eventos internacionais como o Mundial de Xadrez ou o Conecta Fiction e volveu a ser sede dalgunhas das cerimoniais máis emblemáticas da nosa comunidade, como a entrega das Medallas de Galicia.

Todo isto foi posible grazas á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, encargada da xestión do complexo do Gaiás. Ademais da Xunta de Galicia, están representadas na Fundación empresas e entidades como Abanca, Afundación, Inditex, Inveravante, Naturgy, Fundación Barrié, Banco Sabadell, Coren, Campo, Gadis, Grupo Nosa Terra 21, Astilleros Barreras, R e Monbús.

2018 en Cifras

830.212

+ 4M

VISITANTES EN 2018



VISITANTES DESDE
A APERTURA DA
CIDADE DA CULTURA

156

171.653

72.969

ACTIVIDADES
CULTURAIS



PERSOAS
ASISTENTES

VISITANTES ÁS EXPOSICIÓNS
DO MUSEO CENTRO GAIÁS

20.760

PERSOAS PARTICIPANTES
NO PROGRAMA DE
VISITAS CONCERTADAS

1.019

GRUPOS

12.441

ESCOLARES

514

CENTROS
EDUCATIVOS

416

71.282

EVENTOS ACOLLIDOS
DE INSTITUCIÓNS E
ENTIDADES PRIVADAS



PERSOAS
ASISTENTES




71

SESIÓNS E EVENTOS
NO CENTRO DE
EMPREENDEMENTO

14.113

PERSOAS
ASISTENTES



100

EMPRESAS
BENEFICIÁRONSE DOS
SERVIZOS DO CEM

DESDE A APERTURA DO CENTRO DE
EMPREENDEMENTO APOIAMOS:

250

PROXECTOS

600

PERSOAS
EMPREENDEDORAS



46

OBRADOIROS, CURSOS E ESPECTÁCULOS
NA BIBLIOTECA E NO ARQUIVO DE GALICIA




10

HECTAREAS
MÁIS

4.500

NOVAS
ÁRBORES

NO BOSQUE
DE GALICIA



987

NOVAS PERSOAS SOCIAS
DO CLUB GAIÁS

01

Remate da Cidade da Cultura





No 2018 iniciáronse as obras do Fontán, o edificio co que se finalizará o proxecto da Cidade da Cultura e que estará rematado no 2020. Este ano veu marcado por outro proxecto clave: a conexión directa coa Autopista do Atlántico (AP-9), principal arteria de comunicación de Galicia. Ampliáronse, ademais, os espazos verdes coa apertura da segunda fase do Bosque de Galicia, e desenvolvéronse os traballos para transformar o baleiro deixado polo Teatro da Música nun novo xardín.



Inicio das obras do Edificio Fontán


O futuro Edificio Fontán virá culminar o complexo da Cidade da Cultura de Galicia, aproveitando a estrutura que inicialmente ía estar destinada ao Teatro da Música. Ademais, o proxecto nace para dar resposta a unha dobre necesidade, vinculada coa colaboración interuniversitaria e a investigación de excelencia. O espazo inacabado do Gaiás preséntase así como unha oportunidade tanto desde o punto de vista económico como de operatividade.

Ideado polo arquitecto Andrés Perea, responsable xunto á empresa EuroEstudios da redacción do proxecto e da dirección das obras da Cidade da Cultura, o Fontán caracterízase tanto na súa fachada como no seu deseño global pola súa integración cos edificios xa existentes no Gaiás. A nova estrutura procura un encaixe tanto en complicidade e entendemento co skyline do Gaiás, mais sen chegar a mimetizarse, apostando por unha autonomía formal e por unha construción moderna, sustentable e polivalente.


O Fontán acollerá o Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit), organismo dependente do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) que promove a investigación científica sobre o patrimonio cultural. O Incipit ocupará 2.271 metros cadrados, o que representa aproximadamente unha quinta parte da superficie útil do edificio. Ademais, o Fontán acollerá outros tres entes vinculados co Sistema Universitario de Galicia (SUG), dous deles de nova creación:

- **Consortio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG):** entidade de nova creación que impulsa a colaboración entre as tres universidades galegas, funcionando como centro neurálxico da xestión conxunta en materia organizativa, económica, técnica e administrativa.
- **Centro Europeo de Investigación en Paisaxes Culturais (CEIPAC):** novo centro de investigación, o primeiro do SUG vinculado ás Ciencias Sociais e ás Humanidades. Será o primeiro centro de investigación de España consagrado ao estudo da paisaxe, dos itinerarios culturais e do patrimonio cultural e funcionará como observatorio permanente do Camiño de Santiago.
- **Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG):** entidade xa existente que traballa para que a docencia, a investigación, a xestión e a transferencia do coñecemento se encamiñen cara á excelencia.

O Incipit e o CEIPAC converterán o Gaiás nunha referencia en todo o Estado no eido dos estudos do patrimonio.



Edificio Fontán en datos



IMPORTE
ADXUDICACIÓN
CONSTRUCCIÓN
DO EDIFICIO

14,8 M€

SUPERFICIE TOTAL
CONSTRUÍDA

11.735 m²


PRAZO DE
EXECUCIÓN

24 meses

ANO DE FINALIZACIÓN
DO PROXECTO

2020*

* Finalizado no último trimestre de 2020 e operativo no 2021, ano do Xacobeo.





Conexión coa AP 9

O 18 de abril de 2018 o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, participou xunto ao ministro de Fomento, Íñigo de la Serna, no acto de inicio das obras do novo enlace da AP-9 coa Cidade da Cultura e co centro de Santiago de Compostela.

Esta nova infraestrutura nace para permitir o acceso directo do Gaiás coa autoestrada do Atlántico, dotando así o complexo dunha mellor conexión en automóbil tanto coa contorna de Compostela como coas principais cidades e vilas galegas.

O novo acceso está deseñado para permitir ademais todos os movementos entre a autoestrada e a cidade de Santiago, tanto en sentido norte como en sentido sur, complementando a recentemente inaugurada obra de ampliación da autoestrada, e facilitando a conexión coa AP-9 dalgúns barrios de Compostela, como son os de Fontiñas, Sar e Concheiros.



II Fase do Bosque de Galicia

En 2018, a Cidade da Cultura continuou a ampliar e mellorar os espazos verdes que rodean o complexo e que acollen ao longo de todo o ano diversas actividades culturais, deportivas ou de achegamento á natureza, destinadas tanto a público adulto como infantil.

Concretamente o Bosque de Galicia ampliou a súa superficie en 10 hectáreas máis tralos traballos da segunda fase realizados na aba suroeste do monte Gaiás. Tras esta actuación, este novo pulmón verde abrangue xa 34 hectáreas de superficie con preto de 12.000 árbores autóctonas (carballos, castiñeiros, bidueiros, espiños, pradairos, abeleiras, érbedos, freixos, faias...).

- 4.500 novas árbores autóctonas
- 2 quilómetros máis de sendas peonís
- Construción do acceso principal ao Bosque de Galicia desde a rúa Diego Bernal no barrio do Sar
- Construción de terraza-miradoiro con vistas sobre a Cidade de Santiago de Compostela
- Iluminación das sendas e moblaxe de áreas de descanso
- Orzamento de 603.670 €

O Bosque de Galicia non só incrementa a biodiversidade da zona e mellora o metabolismo ambiental de Santiago, senón que contribúe tamén, cos seus máis de 5 quilómetros de sendas peonís, a integrar a Cidade da Cultura en Compostela, favorecendo que os visitantes se acheguen camiñando.

Na materialización do proxecto do Bosque de Galicia estiveron implicadas, naquel entón, cinco consellerías do Goberno galego: Educación, Cultura e Ordenación Universitaria; Economía, Emprego e Industria; Medio Rural; Medio Ambiente e Ordenación do Territorio; e Infraestrutura e Vivenda.



Xardín do Teatro

A Consellería de Cultura e Turismo puxo en marcha en 2018 a transformación do baleiro deixado pola paralización do Teatro da Música do Gaiás nun xardín de 11.574 metros cadrados, denominado Xardín do Teatro.

A intervención financiose a través dunha reestruturación dos orzamentos xa aprobados para a Cidade da Cultura, transferindo a esta actuación unha partida de 1,8 millóns de euros consignados á segunda fase da urbanización do complexo, polo que non tivo un custo adicional.

Con esta área verde, avanzaouse no plan para optimizar o uso dos espazos exteriores, resolvendo o impacto estético negativo que supón o oco deixado pola paralización do Teatro da Música.

O deseño do Xardín do Teatro está baseado nas ideas de “diversidade” e de “universalidade”, a través dunha esollha de especies procedentes de todos os continentes.

- 3.840 plantas e 187 árbores
- 30 especies procedentes de países como O Xapón, Nova Zelandia, a costa noroeste dos Estados Unidos ou a costa sur de Chile
- Anfiteatro ao aire libre con capacidade para preto de 400 persoas
- Equipamento para deportes urbanos como escalada ou skate
- Dous estanques
- Sendeiros e puntos de descanso
- Deseñado polo estudio RVR e a UTE Perea+Euroestudios



Zona verde anexa ao Parque da Balea

O Parque da Balea conta desde maio de 2018 cunha ampla área verde anexa de prado e árbores, que conecta a través dunha senda peonil coa zona de aparcadoiro. Esta nova actuación, que contou cun orzamento de 208.382 euros, suma ao complexo 22.000 metros cadrados máis de superficies verdes.

- Acondicionamento do terreo e da superficie vexetal con prado, plantación de especies de rubidoiras, arbustos e árbores como camelias, espiños e pradairos
- Realización de sendas peonís con pavimento luminiscente que brilla de xeito tenue ao caer da noite
- Instalación de sistema de rego e construción de porta de acceso desde o aparcadoiro

Aparcamentos

Continúan os traballos de ampliación do espazo de aparcamento da Cidade da Cultura, que segue a mellorar este servizo coa humanización do Estacionamento nº6. Estes traballos inclúen a plantación de 54 árbores e 3.252 unidades de especies vivaces e a creación de 100 novas prazas de aparcamento. Elévase así a 740 o total de prazas para turismos en todo o complexo (das cales 11 son para condutores con mobilidade reducida), ademais de contar con 56 prazas para autobuses e áreas específicas para motos e bicicletas distribuídas nos diferentes módulos de aparcamento.



02

Actividade Cultural





A Cidade da Cultura de Galicia organizou en 2018 un total de 156 actividades culturais ás que asistiron 171.653 persoas. Exposicións, espectáculos de música, teatro, danza, unha ampla oferta para público familiar, encontros de artistas emerxentes, conferencias, seminarios... conforman un programa que superou os espazos do interior Museo e do resto dos edificios para encher de vida as áreas verdes.

02.01

Exposicións



Lamazares. Flor Novoneyra

DATAS: do 2 de xuño de 2017 ao 7 de xaneiro de 2018

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 773 persoas en 2018 (25.948 en total)

COMISARIA: María Díaz

COLABORACIÓN: Fundación Uxío Novoneyra



A esencia de *Flor Novoneyra* é un diálogo aberto entre pintura e poesía, para o que reúne nunha exposición dous grandes da nosa cultura: Antón Lamazares e Uxío Novoneyra. Na mostra exhibíronse pezas inéditas realizadas por Lamazares, nas que o autor fusiona a súa pintura cunha selección de versos de Novoneyra traducidos ao Alfabeto Delfín, un código inspirado no abecedario occidental creado por Lamazares en homenaxe ao seu pai.

A conexión Lamazares-Novoneyra reforzouse, ademais, coa exhibición de 50 caligramas realizados polo poeta do Courel, un espazo sonoro coa voz de Novoneyra e catro retratos do poeta asinados por Laxeiro, Tino Grandío, Martínez Tavera e Lorente. A exposición acompañouse dun catálogo de 320 páxinas deseñado por Niko Alvarellos que inclúe un texto de Anxo Pastor, do padroado da Fundación Uxío Novoneyra; un texto do columnista Manuel Jabois, e un poema do premio nacional de poesía Juan Carlos Mestre.



José Suárez. Uns ollos vivos que pensan. Itinerancias

DATAS: do 12 de febreiro ao 8 de abril de 2018

ESPAZO: Hospedería de Fonseca. Universidade de Salamanca


ASISTENTES: 2.432 persoas

DATAS: do 13 de abril ao 15 de xullo de 2018

ESPAZO: Museo de Belas Artes da Coruña

ASISTENTES: 8.693 persoas

COMISARIOS: Manuel Sendón e Xosé Luis Suárez Canal



As itinerancias desta célebre mostra chegaron ao seu fin en 2018, despois de case tres anos desde que abriu as súas portas por primeira vez en novembro de 2015 no Museo do Centro Gaiás. As cidades escollidas foron Salamanca, pola vinculación do autor coa cidade castelá, e A Coruña, co propósito de poder gozar da exposición por última vez en terras galegas.

Salamanca foi a cidade onde José Suárez estudou Dereito e iniciou o seu percorrido artístico. Xunto ás estampas dos campos de Castela, oficios e costumes da paisaxe humana, a etapa salmantina de José Suárez presenta un sobranceiro protagonista: Miguel de Unamuno, co que establece unha fonda amizade e que retrata nunha das fotografías máis divulgadas do escritor e filósofo. O público galego tivo unha nova oportunidade de admirar a obra de Suárez no Museo de Belas Artes da Coruña, onde se expuxeron os retratos da serie Mariñeiros, as fotografías dos campos de Castela, América Latina e Xapón, e as imaxes sobre oficios e costumes da paisaxe humana que retratou dun xeito maxistral.



Baldomero Pestana. A verdade entre as mans

DATAS: do 15 de febreiro ao 8 de abril de 2018

ESPAZO: Instituto Cervantes de Madrid

ASISTENTES: 10.182 persoas

DATAS: do 30 de abril ao 2 de setembro de 2018

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 13.667 persoas

DATAS: do 13 de outubro ao 14 de decembro de 2018

ESPAZO: Instituto Cervantes de París

ASISTENTES: 980 persoas

COMISARIOS: Chus Villar. e Juan Bonilla

COLABORACIÓN: Instituto Cervantes

A mostra rescatou un autor descoñecido, pese a que representa un dos nomes máis relevantes da fotografía hispanoamericana do século XX. A exposición exhibiu 150 fotografías e documentos referentes á traxectoria profesional do artista (revistas *Life*, *Time* ou *Esquire*, entre outras), así como obxectos persoais. Todos eles contribúen á posta en valor da vida e a obra do fotógrafo, que forma parte non só da memoria e patrimonio cultural de Galicia, senón do resto de España e de países como Perú e Francia, onde traballou.

Nacido en Castroverde, Lugo, en 1917, Pestana emigrou moi novo a Buenos Aires. Despois dun período en Perú, instalouse en París, onde viviu a meirande parte da súa vida. Baldomero Pestana foi un galego froito da emigración, que regresou á súa terra natal no final dos seus días para deixar nela o seu legado —17.000 negativos, moitos deles inéditos—. Considerado o gran retratista da Xeración dos 50, destaca o compoñente social das súas imaxes.





Galicia universal. A arte galega nas coleccións de Abanca e Afundación

DATAS: do 16 de marzo ao 14 de outubro de 2018

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 34.046 persoas

DESEÑO EXPOSITIVO: Abalo Alonso Arquitectos

TEXTOS DO CATÁLOGO: Carlos L. Bernárdez

O Museo Centro Gaiás acolleu a maior exposición de pezas das coleccións privadas de Abanca e Afundación reunidas ata o momento. Pintura, escultura, fotografías e instalacións compuxeron este percorrido por 150 anos de arte galega. Na mostra puideron contemplarse 192 pezas que reflicten dous factores determinantes na evolución das artes plásticas galegas: a identidade e a universalidade. A través destes conceptos alúdese a dous elementos singulares para entender a nosa arte: a historia da cultura galega e a súa ligazón co contexto internacional.

A mostra reuniu 119 dos artistas galegos máis relevantes do último século e medio, como Jenaro Pérez Villaamil, Fernando Álvarez de Sotomayor, Urbano Lugrís, Francisco Lloréns, Serafín Avendaño, Laxeiro, Virxilio Vieitez, Manuel Colmeiro, Luís Seoane, Arturo Souto, Maruja Mallo, Eugenio Granell, Julia Minguillón, Francisco Leiro, Antón Patiño, Menchu Lamas, Xaime Quessada, Berta Cáccamo, Antón Lamazares, Pamen Pereira, Elena Colmeiro e Antía Moure, entre outros moitos. O catálogo de 307 páxinas, editado en galego e castelán con separata de textos en inglés, foi redactado por Carlos L. Bernárdez e deseñado por Desoños estudio.





Betula Pendula. Intervención paisaxística de Martín Toimil nas Torres Hejduk

DATAS: do 21 de marzo ao 19 de agosto de 2018

ESPAZO: Torres Hejduk

COLABORACIÓN: Viaqua

As Torres Hejduk convertéronse en obxecto de intervención artística a través da proposta paisaxística *Betula Pendula*, do artista lalinense Martín Toimil. A intervención, para a que se contou coa colaboración de Viaqua, tivo como eixe central a confrontación e apelou ao carácter dual das Torres Hejduk (vidro-pedra/transparente-opaca), nun xogo de opostos co que Toimil quixo reflectir a realidade dos montes galegos. Por unha banda, a beleza, a través das paisaxes que ofrecen especies autóctonas como o bidueiro. E, pola outra, a destrución causada pola lacra dos lumes.

Toimil pendurou os bidueiros na torre de cristal, onde se instalou un sistema de rego que permitiu manter as árbores vivas. No chan colocouse un espello, polo que o visitante tiña a sensación de camiñar sobre as copas. Na torre de pedra, o artista pendurou os bidueiros queimados a modo de escultura e instalou unha iluminación que transmitía sombras e proxectaba as árbores por todo o espazo. Unha vez clausurada a exposición, parte dos bidueiros foron plantados no Bosque de Galicia. Esta iniciativa puxo en valor a fragilidade e a riqueza dos nosos bosques e permitiu que estas árbores puideran gozar dunha nova vida no complexo do Gaiás.



Reb/veladas na paisaxe. Intervencións artísticas nos espazos naturais da Cidade da Cultura

DATAS: do 24 de maio ao 21 de outubro de 2018

ESPAZOS: Bosque de Galicia e Parque do Lago

COMISARIAS: Chus Martínez Domínguez, Anxela Caramés e Antía Cea García

OBRA | ARTISTA: Merendeiro | Beatriz Lobo, Birdwatching | Paul E. Guy, Tres figuras de xabón | María Kulikovska

COLABORACIÓN: Viaqua

Reb/veladas na paisaxe naceu como un novo ciclo de intervencións artísticas nos espazos verdes do Gaiás, co que se procurou poñer en valor as súas zonas naturais e dar visibilidade á presenza da muller na arte contemporánea. Para esta primeira edición, que contou coa colaboración de Viaqua, invitouse a tres comisarias galegas —Chus Martínez Domínguez, Anxela Caramés e Antía Cea García— a que escollesen os artistas cos que querían inaugurar este novo ciclo. Elixiron a Beatriz Lobo (Vigo, 1985), Paul E. Guy (Chicago, 1976) e María Kulikovska (Crimea, 1988), respectivamente.

O *Merendeiro*, de Beatriz Lobo, no Parque do Lago, procurou ser un incentivo socializador popular; *Birdwatching* de Paul E. Guy, no Bosque de Galicia, tamén apelou á colaboración dos visitantes nunha sinxela estrutura de observatorio de paxaros. Tamén no Bosque de Galicia, as *Tres figuras de xabón* de María Kulikovska estaban acochadas pero á vista do visitante desde o sendeiro. Con esta obra, a artista quixo afondar no exilio forzado que viviu en 2014. Este ciclo tamén introduciu unha nova ruta peonil ao Gaiás que achegou un novo espazo de importante valor cultural, natural e de lecer á cidade compostelá.



Arquivo Aberto da Memoria Arquitectónica (AAMA). Francisco Ramallo

DATAS: do 30 de agosto ao 25 de novembro de 2018


ESPAZO: Torres Hejduk

COLABORACIÓN: artistas do EAN 2017 (Estela Barone, Matías Daporta, Leyre León, Mar Suárez e Andrea Torres)

As Torres Hejduk convertéronse nun arquivo sonoro aberto para rescatar a arquitectura galega desaparecida ou transformada. A intervención AAMA, un proxecto entre o metafórico e o documental de Francisco Ramallo (Granada, 1974), foi a gañadora do V Concurso de Intervencións Artísticas nas Torres Hejduk. Ramallo levou a cabo un labor de investigación, análise e posterior recompilación de testemuños sobre edificios agora desaparecidos ou cunha función radicalmente diferente a cando os entrevistados tiveron contacto con eles.

O proxecto incluíu medio cento de construcións, entre as que se atopan arquitecturas emblemáticas como o Edificio Castromil, en Santiago de Compostela; o cine Zárata de Mugarodos; os Multicines ABC de Pontevedra ou o Club Casino de Ortigueira. A obra buscaba recuperar unha memoria paralela á hexemónica, composta por historias que puideron ser revividas e experimentadas nas Torres Hejduk.





Castelao Maxistral

DATAS: do 5 de outubro de 2018 ao 3 de marzo de 2019

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 22.308 persoas (ata o 31 de decembro de 2018)

COMISARIO: Miguel Anxo Seixas

COLABORACIÓNS: Centro Galicia de Buenos Aires e Embaixada de España en Argentina

Castelao maxistral supón unha homenaxe ao papel dos mestres e mestras de Galicia e ao importante traballo que realizaron para acadar unha maior alfabetización da poboación e lograr que as clases sociais máis desfavorecidas tivesen acceso á educación, e en galego. Todo isto nunha época (1900-1936) de gran precariedade de medios no ensino e sen material pedagóxico. Este proxecto expositivo procura recrear a situación do ensino en Galicia nesa época, así como subliñar os avances que se realizaron grazas ao esforzo e a implicación persoal dos docentes.

O eixe da exposición foi a primeira mostra en Galicia da pintura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao *A derradeira leición do mestre* (1945), que se conserva no Centro Galicia de Buenos Aires, institución da que nunca antes saíra. A pintura, de dous metros de altura, baséase na estampa nº 6 do libro *Galicia Mártir*, publicado por Castelao en 1937.

Castelao maxistral é a primeira exposición que recolle todos os debuxos (un total de 40) que o artista de Rianxo dedicou ao ensino obrigatorio, que na época chegaba ata os nove anos. Os textos do catálogo, de 183 páxinas e editado en galego, castelán e inglés, correron a cargo de Miguel Anxo Seixas Seoane, Lourenzo Fernández Prieto, Xosé Manuel Cid Fernández e Antón Costa Rico. Pepe Barro ocupouse do deseño e a maquetación.

02.02

Música e Escena



Escenas do Cambio. Festival de inverno de teatro, danza e arte en acción

DATAS: do 1 ao 10 de febreiro de 2018

ESPAZOS: Museo Centro Gaiás, Biblioteca de Galicia, Teatro Principal, Salón Teatro, Sala Agustín Magán e CGAC

NÚMERO DE ACTIVIDADES: 19

DIRECTOR ARTÍSTICO: Pablo Fidalgo

COLABORACIÓNS: Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música (INAEM), Concello de Santiago, Centro Dramático Galego, AGADIC, Institut Français, CGAC, Instituto Camões e Instituto Italiano di Cultura de Madrid

ASISTENTES: 1.758 persoas

O festival Escenas do Cambio regresou con 13 espectáculos de compañías procedentes de cinco países (España, Portugal, Marrocos, Siria, Francia e Italia). Nesta cuarta edición, o teatro galego volveu ter unha presenza destacada con Estela Lloves, Félix Fernández, ilMaquinario e Voadora, que estreou en España a súa obra *Garage*. Como xa ocorrera en edicións previas, a danza e a arte en movemento tiveron un papel protagonista. Foi precisamente unha proposta inscrita nestas disciplinas a que abriu o certame: *Antonio e Cleopatra*, do recoñecido autor e director do Teatro Nacional de Lisboa Tiago Rodrigues. Este espectáculo chegou a Galicia despois de presentarse en inglés, francés e portugués en teatros de todo o mundo.

O director artístico do festival destacou a disidencia como a esencia común de todas as creacións presentes neste Escenas do Cambio 2018. Así, inscribiu na disidencia a forma de entender a morte de Mohamed El Khatib; a explicación da brutal guerra de Siria de Mithkal Alzghair; a ensinanza de pensar desde o corpo de Xavier Le Roy; o feito de bailar nunha biblioteca de Israel Galván, e no traballo desde Bruxelas a partir dunha experiencia familiar única e abraiante de Edurne Rubio.

PROGRAMA

1 FEBREIRO

20.30 Antonio e Cleopatra. Tiago Rodrigues.

2 FEBREIRO

10.00 Taller de Sofía Días & Vítor Roriz.
15.00 Espazo de encontro sobre teatro biográfico con Melania Cruz & Tito Asorey. FOGAR#1. Sesión 1.
19.00 Unha tirada de dados. Israel Galván, Pedro G. Romero e Filiep Tacq.
20.30 50 minutos de simulación programada. Félix Fernández.

3 FEBREIRO

15.00 FOGAR#1. Sesión 2.
20.30 Garage. Voadora.
22.30 100% Oion. Concierto de Mursego (Maite Arroitauregui).

4 FEBREIRO

15.00 FOGAR#1. Sesión 3.
19.00 Finir en beauté. Mohamed El Khatib.
20.30 Reality. Daria Defforian & Antonio Tagliarini.

8 FEBREIRO

15.00 FOGAR#1. Sesión 4.
19.00 Miguel meets Karima. Miguel Pereira.
20.30 Light years away. Edurne Rubio.

9 FEBREIRO

15.00 FOGAR#1. Sesión 5.
19.00 O tempo como dobrado un corpo. Estela Lloves.
20.30 Self Unfinished. Xavier Le Roy.

10 FEBREIRO

15.00 FOGAR#1. Sesión 6.
19.00 Displacement. Mithkal Alzghair.
20.30 Concierto de Maria Arnal e Marcel Bagés.



Os sons do Vindel. Músicas da Península Ibérica do s. XIII

PROGRAMA

Prólogo - Cantigas de Santa Maria n. 4 e n. 323 (versión instrumental)

I. Dom Dinis: CANTIGAS DE AMOR (Pergamiño Sharrer S. XIII)

Poys que vos Deus, amigo, quer guisar ~ Cantigas de amor
 Senhor fremosa, no posso eu osmar ~ Cantigas de amor

Interludio - Cantiga de Santa Maria n. 297 ~ (versión instrumental)

O que vos nunca cuidei a dizer ~ Cantigas de amor
 A tal estado m'adusse, senhor ~ Cantigas de amor

Interludio ~ Cantigas de Santa Maria n. 264-267 (versión instrumental)

Non sei como me salv'a mia senhor ~ Cantigas de amor

Interludio - Cantigas de Santa Maria n. 339-193 (versión instrumental)

II. Martín Codax : CANTIGAS DE AMIGO (Pergamiño Vindel S. XIII)

Ondas do mar de Vigo
 Mandid' ei comigo
 Mia yrmana fremosa treides comigo
 Ay Deus, se sab'ora meu amigo
 Ay ondas que eu vin veere
 En o sagrad'e vigo (recitado)
 Quantas sabedes amar amigo

DATA: 2 de marzo de 2018

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 283 persoas

INTÉRPRETES: Ensemble Micrologus

A Cidade da Cultura de Galicia despediu o Pergamiño Vindel —que regresou á Morgan Library tras seis meses no Museo do Mar de Galicia— a través da música de Martín Códax na súa máis pura esencia. Para facelo, contouse co grupo de música antiga Ensemble Micrologus, nun evento que foi conducido por unha das novas voces da poesía galega actual, Dores Tembrás.

Tembrás exerceu como mestra de cerimonias e prestou a súa voz á cantiga da que Martín Códax non deixou música. O Ensemble Micrologus foi, pola súa parte, o encargado da parte musical coas súas versións historicistas. O concerto reviviu o repertorio medieval profano a través das músicas compostas por Martín Códax, pero tamén por outros autores coetáneos como Don Dinis ou Alfonso X. Tamén se interpretaron músicas das que non se conserva o autor ou que xa forman parte do repertorio tradicional.

INTÉRPRETES ENSEMBLE MICROLOGUS:

Patrizia Bovi: canto, arpa e trompeta natural

Gabriele Russo: Viola, rabel e trompeta natural

Peppe Frana: Oud (laúde árabe) e cítola

Francesco Savoretti: Naccarat, pandeireta, crótalos, címbalo, riq, pandeiro e darbukka

Goffredo Degli Esposti: Traverso, cornamusa e chirimía



Marcamos o compás. Concerto da Banda Galega Feminina de Música

DATA: 17 de marzo de 2018

ESPAZO: Museo Centro Gaiás


COLABORACIÓN: Federación Galega de Bandas de Música

ASISTENTES: 341 persoas

A Cidade da Cultura de Galicia sumouse á celebración do Día da Muller cun evento ben especial: o concerto *Marcamos o compás*, da Banda Galega Femenina de Música. Tratouse do primeiro concerto que se organizou na Comunidade galega dunha banda integramente feminina, que xuntou baixo unha mesma batuta – a de Isabel María Rubio, directora da Banda de Música de Lalín – a instrumentistas de diferentes agrupacións bandísticas galegas.

Esta formación musical creouse ex profeso para esta conmemoración e estivo formada por 81 mulleres procedentes de bandas de música das catro provincias galegas, tras ter recibido un total de 110 peticións. A banda estivo formada polos seguintes instrumentos: frauta, frautín, óboe, requinto, clarinete, clarinete baixo, fago, saxo alto, saxo tenor, saxo barítono, trompa, trompeta, fliscorno, trombón, bombardino, tuba e percusión.

O repertorio do programa que se interpretou no Museo Centro Gaiás foi tamén de composicións creadas a súa totalidade por mulleres.



Bandas de Música de onde proceden as integrantes

Bandeira, Oleiros, As Pontes, Ribadulla, Salvaterra de Miño, Merza, Vilatuxe, Rubiós-As Neves, O Rosal, Caldas de Reis, Catoira, Meaño, Lalín, Silleda, Lugo, Barro, Rubión, Ortigueira, A Coruña, Xinzo, Coruxo, Brión, Rianxo, Xinzo (Ponteareas), PonteLedesma, Betanzos, Ferrol, Vilagarcía, Celanova, Narón, Meira (Lugo), Belesar, Bembrive, Pobra do Caramiñal, Castrelo-Cambre, Viveiro, Salcedo, Antas de Ulla, Torroso-Mos, Cambre, O Rosal, Santadega (Coles), Goián, Cedeira, Lira de Rivadavia, Ordes, Rubiós, Sada, Beade (Vigo), Outeiro de Rei, San Miguel de Oia, Valladares, Beade y Vincios. Isabel María Rubio

PROGRAMA

- Grana y Oro, de Ermerinda Ferrari
- El Suspiro del Moro, de M^a Dolores Vitoria
- La Bella Durmiente, de María Mendoza
- Poème Du Feu, de Ida Gotkovsky
- La Mezquita de Córdoba, de Julie Giroux



Serán'01. I Encontro Galego de Cultura Popular: Baile e Música Tradicional

Festival Folclórico

Venres 8

Participación dos oito dos mellores grupos de baile tradicional de Galicia.

'Foliadón'

Sábado 9

Unha gran foliada que ao longo de cinco horas reuniu a centos de artistas sobre o escenario.

Desfile do Traxe 'Sete Varas e un Refaixo'

Domingo 10

Espectáculo con traxes tradicionais antigos e reconstrucións fieis á tradición procedentes das distintas comarcas galegas.

Recinto feiral

Os tres días. Stands de todo o sector vinculado á cultura popular.

Obradoiros infantís

Os tres días. Creación de zocas con materiais de reciclaxe e xogos tradicionais

Foliadiña Infantil

Os tres días. Participación de agrupacións de cativos e cativas de toda Galicia.

Espazo de conferencias

Debate e formación especializada ao longo dos tres días.

Concerto de Coros Históricos

Domingo 10.

Decanos de Galicia, coa participación de Toxos e Froles (Ferrol) e De Ruada (Ourense).

DATAS: do 8 ao 10 de xuño de 2018

ESPAZOS: Museo Centro Gaiás e praza exterior

NÚMERO DE ACTIVIDADES: 12

DIRECTOR ARTÍSTICO: Quique Peón

COLABORACIÓNS: Secretaría Xeral de Cultura e AGADIC

ASISTENTES: 7.561 persoas

O folclore galego reuniuse do 8 ao 10 de xuño na Cidade da Cultura de Galicia, nun encontro ao que asistiron artistas e agrupacións de música, canto e baile tradicional, así como integrantes de sectores relacionados a nivel artístico, técnico ou artesanal. Ata un milleiro de artistas participaron nas máis de 40 actuacións que deron cor a un evento cultural de primeira orde, onde se amosaron a nosa riqueza etnográfica e folclórica e a enorme creatividade dos profesionais e afeccionados da música e o baile tradicionais.

A xuntanza naceu para conmemorar a próxima declaración do baile tradicional galego como Ben de Interese Cultural, procedemento que iniciou a súa tramitación en abril, coincidindo coa presentación do Encontro. A iniciativa xurdiu coa vocación de ser un evento social dirixido a todo tipo de públicos, co propósito de difundir as nosas artes e patrimonio inmaterial. Serán'01 incluíu desde espectáculos e actuacións musicais a contidos formativos, obradoiros infantís, unha zona de mercado e exposicións e desfiles de traxes tradicionais.



Día Europeo da Música. SondeSeu Orquestra Folk de Galicia. Arrainos

DATA: 22 de xuño de 2018
 ESPAZO: Praza exterior
 COLABORACIÓN: Agadic
 ASISTENTES: 450 persoas

A Cidade da Cultura estreou a súa programación de verán festexando o Día da Música cun concerto-foliada de SondeSeu Orquestra Folk de Galicia. A agrupación presentou por primeira vez en Galicia o seu espectáculo *Arraianos*, unha explosión de forza e enerxía interpretativa para a que contou coa colaboración de tres dos artistas máis virtuosos da escena folk ibérica do momento: a cantante e percusionista Vanesa Muela (Castela e León), o gaiteiro Xuacu Amieva (Asturias) e o músico e produtor Daniel Pereira (Portugal).

Arraianos ilustrou as influencias que alimentan a expresión da música popular nos imaxinarios límites xeográficos da cultura galega. Ritmos e melodías populares interpretados por Muela, Amieva e Pereira emerxeron coa linguaxe orquestral de SondeSeu e convertéronse nunha auténtica festa da cultura ibérica que impuxo unha nova xeografía sonora onde nada é o que parece.



III Festival de Bandas Infantís e Xuvenís de Galicia

DATA: 1 de xullo de 2018

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

COLABORACIÓNS: Federación Galega de Bandas de Música e AGADIC

ASISTENTES: 2.480 persoas

Doce agrupacións galegas, compostas por preto de medio milleiro de integrantes, participaron no III Festival de Bandas Infantís e Xuvenís de Galicia. As formacións tocaron o repertorio elixido para a ocasión, que culminou cunha interpretación conxunta do himno galego como peche do evento. O festival propúxose estreitar lazos entre os intérpretes máis novos, establecer vínculos que propicien a colaboración entre as bandas e enriquecer a formación musical das novas xeracións. Os participantes contaron tamén cunha zona de entretemento na que puideron tomar parte en xogos de enxeño e obradoiros de fantasía de balde.

PROGRAMA

- 11:00 | Banda xuvenil da Escola de música de Meaño Director: Diego Javier Lorente López
11:30 | Banda infantil-xuvenil da Escola de música de Salvaterra Director: Daniel Gregores Muñoz
12:00 | Banda infantil de música de Celanova Director: Juan Pablo Gil Rodríguez
12:30 | Banda escola Ateneo Musical de Bembrive Director: Daniel González Troncoso
13:00 | Banda infantil de Rubiós Director: David Fernández
13:30 | Banda xuvenil da Cultural de Teo Director: Millán Lado
- 16:30 | Banda infantil de Vilatuxe Director: Víctor Manuel Vilarinho
17:00 | Sección xuvenil da Banda de música 'Sons e Soños' Director: Armando Morales Blanco
17:30 | Banda da Escola de música de Vilaboa Director: Daniel Figueira Bello
18:00 | Banda xuvenil de música O Landro de Viveiro Director: Carlos Timiraos
18:30 | Banda infantil de Narón Director: Eusebio López Egea
19:00 | Banda xuvenil da Escola de música de Salceda de Caselas Director: Juan Lois Diéguez
- 19:50 | Interpretación do Himno Galego
20:00 | Discursos e entrega diplomas



Atardecer no Gaiás

DATAS: xoves, venres e sábados do 5 de xullo ao 18 de agosto de 2018

ESPAZO: Praza exterior

PATROCINIO: Alhambra

COLABORACIÓN: Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música (INAEM)

ASISTENTES: 16.040 persoas

Atardecer no Gaiás contou en 2018 con 21 grupos e artistas que puxeron banda sonora aos solpores do verán. Este ciclo de concertos ao aire libre é unha das citas consolidadas da escena cultural galega na época estival. O cartel de 2018 foi un escaparate das tendencias musicais actuais que priorizou as músicas urbanas e evidenciou unha aposta polas voces femininas. Os milleiros de asistentes escoitaron en directo o folk combativo de A Banda da Loba, o pop de Yelow Belly e David Vázquez; a electrónica de Baiuca; o funk de Nastasia Zürcher; o tributo a Queen da Banda Artística de Merza xunto ao coro Gli Appassionati e os sons persas extraídos da mandolina de Silence Lovers Club, o último proxecto de Fernando Barroso.

Os sons internacionais chegaron da man da formación Shirley Davis & The Silverbacks, que mestura compoñentes de Australia e España; a arxentina Nathy Peluso; os mexicanos La Redada ou a bossa-nova de Dom La Nena, do Brasil. Deste xeito, Atardecer no Gaiás volveu ofrecer unha escolma de diferentes estilos musicais, na que tampouco faltaron representantes do indie, con Modelo de Respuesta Polar, Pajaro Sunrise, Mordem e Pony Bravo; do punk de Las Odio; do trap, con Rels B; do jazz afroamericano de Paula Valls e da música árabe con N3rdistan.

PROGRAMA

XULLO

- X5 | Shirley Davis & the Silverbacks + Sesión Dj (Ningún Dj)
- V6 | Rels B + Sesión Dj (Mestre Pi)
- S7 | Modelo de Respuesta Polar
- X12 | La Redada
- V13 | A Banda da Loba
- S14 | Dom La Nena
- X19 | Nathy Peluso + Sesión Dj con Yuraq Walla
- V20 | Yellow Belly e David Vázquez
- S21 | Oh! Ayatollah
- X26 | Mordem
- V27 | Queen Symphony–Banda Artística de Merza
- S28 | Nastasia Zürcher

AGOSTO

- X2 | Pajaro Sunrise
- V3 | Fernando Barroso & Margarida Mariño ft. Celina da Piedade
- S4 | Baiuca
- X9 | Pony Bravo + Sesión Dj con La Isla del Tesoro
- V10 | Rodrigo Cuevas
- S11 | Las Odio
- X16 | Paula Valls
- V17 | N3rdistan
- S18 | Tremenda Jauría + Sesión Dj con La Sincereza Pincha Cumbia



XV Romaría Coral Galega

DATA: 16 de setembro de 2018

ESPAZO: Praza exterior

ASISTENTES: 1.306 persoas

A Romaría Coral Galega reuniu na súa décimo quinta edición preto de 800 voces procedentes de 34 agrupacións. Todas elas entoaron de maneira conxunta pezas do cancionero popular galego e internacional e obras de autores clásicos. Como colofón, interpretaron o himno de Galicia acompañados pola Banda Municipal de Música de Santiago. A Federación Coral Galega (FECOGA) foi a encargada de organizar a romaría.

Concerto de Emilio Rúa

DATA: 21 de setembro de 2018

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

COLABORACIÓN: Agadic

ASISTENTES: 210 persoas

A Cidade da Cultura despediu o Verán no Gaiás cun concerto especial de Emilio Rúa, músico compositor de Ourense que presentou ao público o seu novo disco, *Duetos*. Fíxoo acompañado por tres artistas esenciais no panorama musical español: Víctor Manuel, Rosa Cedrón e Vicky Gastelo. Con este concerto deu comezo a xira de presentación do oitavo álbum editado por Rúa. *Duetos* foi froito de tres anos de traballo e nel tamén colaboraron Pablo Milanés, Carlos Goñi (Revólver), Mercedes Ferrer, Javier Ojeda (Danza Invisible), Soledad Giménez (Presuntos Implicados) ou Josele Santiago (Los Enemigos). Todos eles interpretaron cancións de Emilio Rúa en galego e castelán e composicións propias en distintos duetos co artista.





YAMsession 2018

DATAS: do 17 ao 19 de outubro de 2018

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

NÚMERO DE ACTIVIDADES: 8

ORGANIZA: Jeunesses Musicales International e Juventudes Musicales de España

COLABORACIÓNS: Acción Cultural Española e RESEO

ASISTENTES: 1.274 persoas

A **YAMsession**, creada pola organización *Jeunesses Musicales International*, é un dos encontros internacionais máis importantes de música e educación. Especialmente dirixido a músicos, educadores, produtores e programadores que traballen no sector musical con público infantil e xuvenil, **YAMsession** é un dos pilares do programa *Young Audiences Music (YAM)*. Esta iniciativa busca promover o acceso de rapaces de todo o mundo a experiencias musicais en vivo de alta calidade, ademais de fomentar a educación e o desenvolvemento da creatividade a través da música. O evento chegou por primeira vez a España coa Fundación da Cidade da Cultura de Galicia e a Xunta de Galicia como socios locais. Tamén contribuíu coa súa achega a organización *Juventudes Musicales de España*. O programa incluíu mostras das mellores producións internacionais para nenos e mozos, un foro de produtores e diversas charlas e paneis de debate coa presenza de expertos internacionais.

Showcases que trouxeron á Cidade da Cultura unha mostra das mellores producións musicais para público infantil e xuvenil que se están a facer hoxe en día en todo o mundo. Escolares de toda a Comunidade puideron gozar destas representacións pensadas para eles: *Pepe&Speedy* (Austria), *C'est Partir Mon Kiki* (Francia), *Taama* (Bélxica), *The Fluteman Show* (Alemaña/Hungría), *Bach in the Street* (Suecia), *Tam Tam* (Francia)

Yamawards, os premios internacionais recoñecen a creatividade e a innovación no eido da produción musical para o público infantil e xuvenil. En Santiago repartíronse os correspondentes ao 2018 e os galardoados foron: Mellor espectáculo de pequeno formato: *Bach in the Street* (Suecia) // Mellor espectáculo de gran formato: *Ensemble: Shadow Music* (Noruega) // Mellor Opera: *A Shoe Full of Stars* (UK) // Premio do público: *Maputo - Mozambique* (Francia) // Produción do ano: *Shadow Music* (Noruega).

Producers forum. Concibido como un punto de encontro e aprendizaxe en común, o foro puxo en contacto aos promotores da produción galega Como soan os nosos poemas, coa clarinetista Marta Sancho e o pianista Brais González, con produtores de diferentes países que realizaron unha mentoría do proxecto para contribuir a melloralas ben no aspecto técnico ou artístico ou na súa proxección internacional.

InspirationsSessions, no que músicos de alto nivel, expertos e académicos compartiron os seus coñecementos e experiencia a través de charlas inspiradoras. Falouse, entre outros temas, da percepción e a interacción coas audiencias, do financiamento europeo para producións musicais ou das novas formas de achegar a "música vella" ao público máis novo.

Gala de clausura. A clausura correu a cargo do grupo español *Balkan Paradise Orchestra* abrindo o evento a toda a cidadanía.



Magosto no Gaiás. Xose Lois Romero e Aliboria

DATA: 27 de outubro de 2018

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

NÚMERO DE ACTIVIDADES: 2

COLABORACIÓNS: Indicación Xeográfica Protexida Castaña de Galicia

ASISTENTES: 313 persoas

O Gaiás acolleu, un ano máis, a celebración dunha das festas con máis arraigamento na cultura popular galega. Un día de festexo con castañas e música, a cargo de Xose Lois Romero e o grupo de percusión Aliboria. O propio Romero, que en 2018 recibiu un dos premios Martín Códax da Música Tradicional e Folk, impartiu un obradoiro de percusión tradicional con tarrañolas. A agrupación Aliboria reinventa os cantos e os ritmos enxebres de Galicia conxuntando as voces das súas vocalistas con arranxos innovadores. A xornada tamén contou cunha mostra da variada familia de instrumentos de percusión galegos



Castelao e a Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra

DATA: 1 de decembro de 2018

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

DIRECTORA: Nanette Sánchez

SOLISTA SOPRANO: Pilar Baamonde

PIANISTA: Alejo Amoedo

ASISTENTES: 250 persoas

A Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra ofreceu un recital no Gaiás como parte das actividades relacionadas coa exposición *Castelao maxistral. A boa obra ao mestre honra*. O egrexio rianxeiro foi cantor, fundador, escenógrafo e presidente da coral pontevedresa, motivo polo cal, coa exhibición por vez primeira en Galicia a obra *A derradeira leición do mestre*, a Cidade da Cultura considerou oportuno ofrecer este recital gratuíto. No concerto puido apreciarse un dos nove panos deseñados polo propio Castelao para a coral.

A Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra, dirixida actualmente por Nanette Sánchez, actuou por primeira vez en público o 9 de abril de 1925 na igrexa conventual de San Francisco de Pontevedra. Naceu coa intención de reivindicar a brillante tradición musical de Galicia a mans dun grupo de relevantes personalidades, entre elas Antón Losada Diéguez, Alfonso R. Castelao, Alexandre Bóveda, Antonio Blanco Porto ou Antonio Iglesias Vilarelle. Castelao preparou un conxunto de panos para as súas actuacións. No recital do Gaiás empregouse o que representa o Rei David, o monarca músico adoptado como emblema pola coral pontevedresa. O pano de San David foi un dos empregados no primeiro concerto ofrecido con carácter autónomo pola Sociedade Coral Polifónica, celebrado no Teatro Principal de Pontevedra o 23 de marzo de 1926.

02.03

En Familia

Fantasia de Nadal. Escenografías dos circos de inverno.

DATAS: do 21 de decembro de 2017 ao 7 de xaneiro de 2018

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 1.642 persoas en 2018 (3.205 en total)



Fantasia de Nadal foi unha exposición formada por pezas escenográficas orixinais creadas pola compañía de circo La Fiesta Escénica. Fundada en Arxentina en 1995 por Abel Martín, o seu actual director, a compañía trasladouse a Galicia no ano 2001. A mostra representou os mundos do circo e do Nadal a través dun cento de pezas pertencentes aos múltiples espectáculos da compañía. Os eixes temáticos foron tres: os contos clásicos, como *Cincenta*; as escenas de Nadal, con pezas procedentes dos grandes espectáculos da compañía; e o circo como tal, no que se amosaron elementos de acrobacias e personaxes clásicos.



Nadal no Gaiás. O Campamento do Circo

DATAS: do 2 ao 5 de xaneiro de 2018

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 32 persoas en 2018



Continuando coa programación arredor do circo, os máis pequenos puideron converterse en malabaristas, equilibristas ou pallasos. A Cidade da Cultura montou unha pequena escola de circo para rapaces de entre 6 e 12 anos, con actividades dirixidas por profesionais do novo circo galego. Os mellores profesionais de Galicia en cada unha das disciplinas exerceron como profesores convidados. Ademais, estes campamentos permitiron ás nenas e nenos coñecer mellor as escenografías do circo e os espazos menos concorridos da Cidade da Cultura, tanto arquitectónicos como zonas verdes e naturais, da man do departamento de didáctica do Museo Gaiás. A iniciativa tivo unha moi boa acollida, polo que houbo que ampliar o número de prazas previstas.

Nadal no Gaiás. Gran Gala de Circo

DATA: 4 de xaneiro de 2018
ESPAZO: Museo Centro Gaiás
ASISTENTES: 320 persoas

A Cidade da Cultura vestiuse de gala para despedir a quincena dedicada ao circo, nunha celebración que mesturou, dun xeito lúdico e divertido, música, cancións, humor, monólogos e as actuacións de artistas do novo circo galego. A gala tivo un marcado carácter solidario, ao realizarse en favor da Asociación Iniciativa Social Berce. Ademais, foi nesta cerimonia onde a directora-xerente do Gaiás, Ana Isabel Vázquez Reboredo, entregou os premios aos nove gañadores do concurso de postais de Nadal. Antón Coucheiro «Cou» exerceu como mestre de cerimonias.



Cable: Paula Quintas
Malabares: The conductor
Teas: Raquel Oitavén
Clown: Desincronizadas

Breakers: Break in clan
Pulls: Bea Sin Triz
Malabares: Pablo Reboleiro
Aéreos: Duelirium



Pequefilmes

DATAS: 20 e 21 de xaneiro de 2018
ESPAZO: Museo Centro Gaiás
NÚMERO DE ACTIVIDADES: 7
COLABORACIÓN: Agadic
ASISTENTES: 1.552 persoas

O festival de cine Pequefilmes volveu ao Gaiás para celebrar a súa segunda edición. Toda unha fin de semana de proxeccións, obradoiros, votacións e premios do público cos que dar resposta ás esixencias dos máis pequenos. En total, proxectáronse máis dun cento de curtametraxes, moitas delas galardoadas ou seleccionadas nos festivais de cinema infantil, xuvenil e de animación máis importantes do mundo, como Annecy, Chicago ICFF, Animamundi, Animafest, Dresdner Kinderfilfest e Clermont Ferrand. Estiveron representados 33 países dos cinco continentes nesta edición, na que houbo 23 sesións: 12 de concurso (Fanecas e Miñocas) e 11 fóra de concurso (Vagalumes, Cinema en curso, Carta Blanca Clermont-Ferrand e Pequeseries). As curtas favoritas do público foron a checa *Awakers* e a francesa *Les Pionniers de L'Univers*.



Nexos Infantil

DATAS: 27 de xaneiro, 24 de febreiro, 24 de marzo, 14 de abril e 16 de xuño de 2018

ESPAZO: Biblioteca e Arquivo de Galicia

NÚMERO DE ACTIVIDADES: 5

ASISTENTES: 61 persoas



Un ano máis, Nexos introduciu os rapaces no mundo da reflexión sobre diferentes aspectos da vida. O obxectivo foi que maiores e pequenos recapacitasen e aprendesen, cada quen desde a súa perspectiva, para poder logo conversar de xeito interxeracional. Dirixida a nenas e nenos de primaria, a actividade artellouse seguindo a fórmula de ver-ler-escoitar-facer-falar. As sesións de 2018 centráronse nos seguintes temas: *A quimera da conciliación. Crianza, cuidados e traballo doméstico no século XXI* (27 de xaneiro), *O trazo desatado. Banda deseñada e animación en Galicia* (24 de febreiro), *Confín dos verdes castros... O patrimonio e a identidade de nós* (24 de marzo), *Encrucilladas no mundo árabe e musulmán* (14 de abril) e *A renovación da música portuguesa* (16 de xuño).

Baile de Entroido

DATA: 12 de febreiro de 2018

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 406 persoas



A Cidade da Cultura rendeu homenaxe ao mundo do mar cun *Entroido Mareiro* moi especial. O Gaiás encheuse de personaxes chegados de todos os recunchos dos océanos que gozaron da festa amenizada por Fixemberg DJ e Pablo Díaz e a banda Tic, Tac, Toc. Mariñeiras e mariñeiros, sereas e piratas, pescantinas e mariscadoras, peixes e tritóns, capitáns e sapoconchos... ninguén quixo perderse o encontro. O Museo Centro Gaiás, un edificio que precisamente a moitos visitantes lles lembra a silueta dunha balea, erixiuse como escenario de excepción para este gran baile, ao que foi obrigatorio acudir cun disfrace de temática marítima.

Obradoiro de Máscaras

DATAS: 12 e 13 de febreiro de 2018

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 19 persoas



A Cidade da Cultura ampliou a súa oferta de actividades de Entroido en 2018 e ao xa tradicional baile sumáronse dous obradoiros de máscaras destinados a nenas e nenos de entre 9 e 11 anos. Neles fíxose unha reinterpretación libre das máscaras do entroido tradicional galego (pantallas, cigarróns, xenerais do Ulla ou peliqueiros), creando obras únicas e xenuínas. Os máis pequenos experimentaron con diferentes formas e materiais e empregaron obxectos cotiáns e de refugallo, como teas, cartón, moqueta ou latas de refresco. O Entroido Mareiro do Gaiás tamén estivo moi presente nestes obradoiros, polo que todos os accesorios das máscaras estiveron relacionados co mundo do mar.



Día das Artes Galegas. Alejandro de la Sota

DATA: 7 de abril de 2018


ESPAZO: Museo Centro Gaiás

NÚMERO DE ACTIVIDADES: 2

ASISTENTES: 35 persoas

A Cidade da Cultura sumouse á celebración do Día das Artes Galegas (1 de abril) con dous obradoiros para toda a familia arredor da figura do arquitecto pontevedrés Alejandro de la Sota, o homenaxeado deste ano. De la Sota é un dos máis notables arquitectos españois da segunda metade do século XX. Foi Premio Nacional de Arquitectura en catro ocasións, Medalla de Ouro ao Mérito das Belas Artes, Medalla de Ouro de Arquitectura e finalista do Premio Príncipe de Asturias de Belas Artes. Os seus deseños cambiaron o xeito de entender os espazos habitables.

Os obradoiros conseguiron que grandes e pequenos coñeceran non só a importancia de Alejandro de la Sota, senón tamén a ruptura arquitectónica que supuxeron os seus proxectos. O obradoiro da mañá tivo como protagonista a experimentación con formas, materias e volumes do repertorio plástico e visual do arquitecto pontevedrés. No da tarde, os participantes tiveron a oportunidade de construír unha maqueta arquitectónica co obxecto de achegarse ao Movemento Moderno.



Cidade Imaxinaria

DATAS: 21 de abril (edición primavera) e 25 de agosto de 2018 (edición verán)

ESPAZO: praza exterior

NÚMERO DE ACTIVIDADES: 9 (primavera) e 10 (verán)

ASISTENTES: 8.475 persoas (primavera) e 5.600 persoas (verán)

Por primeira vez, o festival lúdico e familiar Cidade Imaxinaria ampliou a súa programación cunha edición de primavera, que se converteu nun éxito indiscutible. Equilibristas, trapecionistas, saltimbanquis e pallasos conquistaron a praza exterior da Cidade da Cultura con catro horas ininterrompidas de espectáculos. Espectáculos e propostas de ocio innovadoras compartiron espazo con xogos tradicionais, como simples instrumentos de corda e madeira que atraparon a todos os que os probaron, independentemente da idade.

PROGRAMACION

PRIMAVERA 2018

Espectáculos de pista

Pink Impact. El Gran Rufus
Flou Papagayo. Mumusic Circus
Todo encaja. Up Arte Circo

Espazos lúdicos para imaxinar

Teatro sobre rodas
La Gran Tempesta. Efimer
Escola de Saltimbanquis.
Pistacatro
Os xogos do Hélder

Espectáculos itinerantes

Os Brimborions. Picto Facto
O Mundo do Circo. Troula

PROGRAMACION

VERÁN 2018

Espacio escénico

Monitoleando. Pistacatro
Ulterior... A viaxe. Titirantes
Express. Faltan 7
Nómadas. Kanbahiota

Espacios lúdicos para imaxinar

Escola de Saltimbanquis. Pistacatro
O bosque dos sentidos (bebés de 0 a 3 anos)
A xogar á rúa. Cia Esfera
Os xogos de Hélder
Fantasías pola cara. Barafunda



Unha noite no bosque

DATAS: todos os venres do 29 de xuño ao 17 de agosto de 2018
ESPAZO: Bosque de Galicia
NÚMERO DE ACTIVIDADES: 5
COLABORACIÓN: Viaqua
ASISTENTES: 153 persoas



Grazas a esta actividade, os máis aventureiros puideron coñecer a flora e a fauna (sobre todo especies de paxaros) deste espazo natural. Os participantes aprenderon a montar e desmontar un campamento; realizaron xogos, obradoiros e rutas nocturnas con temática ambiental; coñeceron parte das constelacións que forman parte da bóveda celeste estival e identificaron as árbores autóctonas mais representativas do Bosque de Galicia. Tamén se aproveitou a actividade para achegar o público máis novo á arquitectura da Cidade da Cultura. Como colofón, os cativos remataron contando relatos e lendas mitolóxicas á luz das estrelas.

PROGRAMACIÓN

Venres tarde

19:00 ~ Recepción de participantes. Punto de Información
 19:30 ~ Visita guiada polos espazos arquitectónicos
 20:15 ~ Montaxe do campamento no Bosque de Galicia
 21:15 ~ Cea. "Fogo do campamento"
 22:30 ~ Ruta polo Parque do Lago e Bosque de Galicia "Os sons da noite"
 23:15 ~ Obradoiro de estrelas e mitoloxía
 00:00 ~ Peche da xornada e descanso

Sábado mañá

08:30 ~ Diana. Aseo e almorzo
 09:15 ~ Recollida do campamento
 10:00 ~ Obradoiro: Repaso da fauna nocturna mediante fichas e cantos
 11:00 ~ Obradoiro: Realización dun taller de nos básicos
 12:00 ~ Fin da actividade e despedida



Cidade do Nadal 2019

DATAS: do 14 de decembro de 2018 ao 6 de xaneiro de 2019

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 5.210 persoas (ata o 30 de decembro)

Coa chegada do Nadal, as cidades e as vilas de todo o mundo transfórmanse. As prazas e rúas mudan as súas cores, préndense as luces e as árbores vístense de dourado, prata e vermello. A maxia destas datas mudou tamén o Gaiás, convertido nunha espectacular cidade do Nadal arredor dunha grande árbore que familias e visitantes puideron decorar xuntos.

Grazas aos obradoiros da Cidade da Cultura, os máis pequenos aprenderon a fabricar adornos con papel, froitos e elementos naturais que serviron para vestir tanto a árbore do Gaiás como as dos seus fogares. Tamén decoraron biscoitos e larpeiradas con motivos propios desta época do ano e dispuxeron dunha biblioteca na que descubriron os contos e lendas do Nadal. Ademais, fixeron un percorrido por todo o mundo para coñecer como se celebran estas festas noutras culturas. Por último, o concurso de postais de Nadal permitiu, un ano máis, que os máis cativos da casa deixasen voar a súa imaxinación.

02.04

Letras e Pensamento



Nexos. Ciclo de Cultura Contemporánea

DATAS: 27 de xaneiro, 24 de febreiro, 24 de marzo, 14 de abril e 16 de xuño de 2018
ESPAZOS: Biblioteca e Arquivo de Galicia e Auditorio Neira Vilas
NÚMERO DE ACTIVIDADES: 5
DIRIXE: Marcos Lorenzo
COLABORACIÓN: Conservas Antonio Pérez Lafuente e Bodegas Martín Códax
ASISTENTES: 401 persoas

O ciclo de cultura contemporánea Nexos regresou da man de Marcos Lorenzo para convidar o público a reflexionar sobre as claves e tendencias da sociedade actual. Como en edicións anteriores, combináronse relatorios a cargo de expertos con actuacións artísticas sorprendentes, sempre cun formato didáctico, ameno e distendido. No apartado artístico, redobrouse a aposta por dar voz ao talento galego a través de producións propias, creadas en exclusiva para Nexos.

27 de xaneiro. *A quimera da conciliación. Crianza, cuidados e traballo doméstico no século XXI*, con Carolina del Olmo. Intervención de Espazo Aberto.

24 de febreiro. *O trazo desatado. Banda deseñada e animación en Galicia*, con Alberto Vázquez e Manel Cráneo. Combate de debuxantes con Xulia Pisón, Dani Xove, Guille Debelius, Inés Casarejos e Luis Yang.

24 de marzo. *Confín dos verdes castros... O patrimonio e a identidade de nós*, con Felipe Criado-Boado. Intervención artística de Carlos Meixide.

14 de abril. *Encrucilladas no mundo árabe e musulmán*, con Gema Martín. Intervención artística de Nenoescuro.

16 de xuño. *A renovación da música portuguesa*, con Teresa Salgueiro (entrevista e actuación musical).

Día das Letras Galegas. Maria Victoria Moreno

DATA: 17 de maio de 2018
ESPAZO: Museo Centro Gaiás
ASISTENTES: 214 persoas



A Cidade da Cultura celebrou o Día das Letras Galegas, dedicado en 2018 a María Vitoria Moreno, coa lectura dunha escolma de contos e narracións da homenaxeada. A selección de textos realizouna Sara Alonso Pimentel, profesora de Lingua e Literatura no Instituto Castelao de Vigo e amiga persoal da escritora. Esta actividade participativa desenvolveuse en diferentes espazos do complexo do Gaiás e foi retransmitida en directo a través das redes sociais para que a obra de María Victoria Moreno chegara a todas as partes do mundo. Unha vez rematado o acto, editouse un vídeo con todas as intervencións, que quedou para o recordo na páxina web da Cidade da Cultura.



Descubriendo o Castelao maxistral

DATAS: 10 de outubro e 7, 14 e 21 de novembro de 2018

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

RELATORES: Miguel Anxo Seixas, Lourenzo Fernández Prieto, Antón Costa e Carlos Valle

ASISTENTES: 131 persoas

Con *Descubriendo o Castelao maxistral*, a Cidade da Cultura puxo en marcha un formato de visitas-relatorio nas que interviñeron especialistas na figura do xenio de Rianxo para afondar na persoa e no personaxe, co gallo da exposición *Castelao maxistral* no Museo Centro Gaiás. Os relatores fixeron un percorrido pola exposición, aportando a súa ollada experta e empregando as propias obras como marco para as conferencias.

10 outubro | Miguel Anxo Seixas. Licenciado en Xeografía e Historia, é doutor en Historia da Arte Moderna e Contemporánea. Actualmente é vicepresidente da Fundación Castelao e coordinador do Arquivo da Emigración do Consello da Cultura Galega.

7 novembro | Lourenzo Fernández Prieto. Catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela (USC) desde 2005. Dirixe o Proxecto Interuniversitario Nomes e Voces, dedicado á investigación da represión franquista en Galicia.

14 novembro | Antón Costa. Catedrático de Historia da Educación pola USC. Doutorouse pola Universidade de Salamanca en 1982 cunha tese sobre a historia da escola primaria en Galicia entre 1900 e 1936. É presidente da Asociación Española de Historia da Educación.

21 novembro | Carlos Valle. Doutor en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela. Director, dende 1986, do Museo de Pontevedra conta ademais diferentes cargos en sendas institucións adicadas ao patrimonio das que cabe destacar que é membro do Patronato do Museo do Pobo Galego, do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) e ademais académico numerario da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario.





Asaltos! Ring ao redor da palabra escrita, cantada e falada

DATAS: 9-10 e 16-17 de novembro de 2018
ESPAZOS: Biblioteca e Arquivo de Galicia e Auditorio Neira Vilas
ASISTENTES: 260 persoas

Asaltos! foi un ciclo arredor do feito cultural que, a través dun formato rompedor, sacou da súa zona de confort a creadores e artistas. Tamén ao público, protagonista activo nos catro rings dialécticos nos que se creou, amosou e defendeu a riqueza, variedade e singularidade dos novos procesos creativos dentro e fóra de Galicia. En cada un destes asaltos, convidouse a distintas figuras do panorama artístico galego e foráneo a que intercambiasen ideas sobre o poder e os retos que ofrecen as palabras, ben sexan escritas, faladas ou cantadas. Os eixes temáticos dos catro rings foron a divulgación, a tradución, a oralidade e a poesía e neles loitaron personalidades do sector da cultura como a escritora Leticia Costas, o xornalista cultural Óscar López, a cantautora Ses e o poeta pontevedrés Elías Portela. Esta actividade foi concibida e dirixida por Alba María Rodríguez Díaz.



Venres 9 de novembro: divulgación | Modera: Francisco Castro, escritor, editor e director de Galaxia. **Púxiles:** Ramón Nicolás, crítico literario e creador do blog *Caderno da Crítica* // Óscar López, xornalista cultural especializado en literatura, do programa de TVE *Página 2* // Alejandra de Diego Lata, da librería *Berbiriana* da Coruña.

Sábado 10 de novembro: tradución | Modera: María Alonso Seisdedos, tradutora ao galego de series como Shin Chan e Premio Nacional de Tradución pola co-tradución do *Ulises*, de J. Joyce. **Púxiles:** Leticia Costas, Premio Nacional de Literatura Infantil Xuvenil. // Sara Margherita Cavarero, prestixiosa tradutora que levou ao italiano Jule Verne e a vida secreta das mulleres planta, de Leticia Costas.

Venres 16 de novembro: oralidade | Modera: Xurxo Souto, o cantante d'Os diplomáticos de Monte Alto é, ademais de músico, filólogo e dinamizador cultural. **Púxiles:** Ses, cantautora galega que cun estilo ecléctico enche auditorios, salas de concertos e teatros de toda Galicia. // Alexis Díaz Pimienta, escritor e repentista. Director da cátedra de Poesía Improvisada da Universidad de las Artes de Cuba. // Alba María, cantante, investigadora e regueifeira.

Sábado 17 de novembro: poesía | Modera: Silvia Penas, poeta, filóloga, performer, e vocalista de Cinta Adhesiva. **Púxiles:** Chus Nogueira, crítica literaria, filóloga e ensaísta galega. Foi presidenta da Asociación Galega da Crítica. // Antón Blanco, poeta, filólogo e músico. Foi batería de Atrás Tigre. // Elías Portela, o poeta pontevedrés é Premio Poesía Afundación. Considerado un dos escritores máis importantes da literatura islandesa actual.



Contornos e contornas. Unha visión transdisciplinar sobre a arquitectura

DATA: 24 de novembro de 2018

ESPAZO: Centro de Innovación Cultural

ASISTENTES: 93 persoas

A experiencia da Cidade da Cultura en convivencia entre programación cultural, emprendemento, tecnoloxía e intercambio social convértease no lugar axeitado para celebrar unha xornada como Contornos e contornas. Ideada e coordinada por Taller abierto, espazo de investigación arquitectónica, esta iniciativa ten como obxectivo explorar as posibilidades da arquitectura como axente condicionante das actividades humanas e os efectos que o espazo arquitectónico ten sobre o comportamento e benestar das persoas. Nesta primeira edición, a actividade centrou o seu obxecto de análise nos recintos educativos, coa intención de acadar un clima de reflexión conxunta entre profesionais da arquitectura, a psicoloxía e a educación.

Relatorio I. Percepción e cognición espacial en contextos urbanos, por **Ricardo García Mira**, catedrático de Psicoloxía Social na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña (UDC), especializado en Psicoloxía Ambiental.

Relatorio II. Interpretación pedagóxica do espazo nos centros educativos, por **Julia María Crespo Comesaña**, doutora en Pedagogía e profesora de Organización Escolar na Facultade de Ciencias da Educación na Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Relatorio III. Lugares para ensinar e aprender, por **Celestino García Braña**, doutor arquitecto e mestre titular da Teoría da Arquitectura, na Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña (UDC).

Debate cos tres relatores e o público.

02.05

Intercambio



Ponnos verde! Planta unha árbore no Bosque de Galicia

DATAS: todos os sábados do 2 de decembro de 2017 ao 24 de marzo de 2018

ESPAZO: Bosque de Galicia

PATROCINIO: Viaqua

COLABORACIÓN: Fundación USC Deportiva

ASISTENTES: 744 persoas en 2018 (877 en total)
256 do programa escolar 2018

A Cidade da Cultura de Galicia volveu pedir á cidadanía que colabore coa plantación de árbores no Bosque de Galicia a través da Fundación Cidade da Cultura, co apoio da Fundación USC Deportiva e co patrocinio de Viaqua. Por iniciativa individual ou en grupo, as persoas interesadas acudiron a encher de vida as ladeiras do monte Gaiás. Ademais de plantar unha árbore autóctona, os participantes percorreron o Bosque de Galicia para coñecer de primeira man o proxecto e puideron levar para casa unha fotografía e un diploma co que recordar e acreditar a súa contribución a este espazo verde. A iniciativa complementouse coa campaña Ponnos verde! coa túa escola, grazas á que escolares de toda Galicia plantaron carballos e bidueiros no Gaiás.



Cidade Verde. Holi Gaiás

DATA: 5 de maio de 2018

ESPAZOS: praza exterior e espazos verdes

NÚMERO DE ACTIVIDADES: 3

PATROCINIO: Viaqua

COLABORACIÓNS: Fundación USC Deportiva e Federación Galega de Atletismo

ASISTENTES: 1.407 persoas

Un programa de actividades participativas, saudables, en contacto co medio e, sobre todo, divertidas. Así podería resumirse esta nova edición de Cidade Verde, que arrincou coa xa célebre carreira popular Holi Gaiás!, unha actividade para todos os públicos chea de cor. A xornada, que contou co patrocinio de Viaqua, ofreceu tamén un plan máis tranquilo, pero non por iso menos interesante: as andainas para a descuberta de especies no Bosque de Galicia, o pulmón verde da capital galega. En 2018 ofrecéronse tres percorridos: un centrado nos espazos verdes da Cidade da Cultura, outro sobre aves e un terceiro orientado á flora e á micoloxía.

A programación rematou con Papaventos no Gaiás, unha exhibición que encheu de figuras, cores e movementos espectaculares o ceo compostelán e da que gozaron grandes e pequenos. Os clubs de voo que participaron nesta edición foron Mistral Equipo de Vuelo (Eukadi), Torbellino y Ventolera (Madrid), Equipo de Vuelo Imagina (Madrid), Velaivai (A Coruña).



VIII Encontro de Artistas Novos (EAN)

DATAS: do 26 ao 30 de agosto de 2018

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

DIRECCIÓN: Rafael Doctor

COLABORACIÓN: Fundación Banco Sabadell

ASISTENTES: 40 persoas

A Cidade da Cultura converteuse por oitavo ano consecutivo nun punto de encontro para creadores emerxentes de todo o mundo, no que puideron dar a coñecer os seus traballos e intercambiar ideas sobre a arte contemporánea. O EAN busca favorecer a convivencia entre artistas emerxentes galegos e procedentes doutros lugares, ademais de poñer en contacto os participantes con outros axentes do sector, como críticos, comisarios ou xornalistas.

O EAN trouxo ao Gaiás artistas e creadores xa consolidados como Sandra Gamarra, Julio Falagán e María Moldes para compartir as súas experiencias e reflexións sobre a arte. Os participantes conviviron tamén con tres observadores que seguen con atención as últimas tendencias artísticas. Foron Javier Díaz-Guardiola, David Barro e Semíramis González. Cada un dos participantes fixo unha presentación do seu proxecto artístico, que serviu de plataforma e escaparate das súas creacións. Os artistas do EAN 2018 tamén puideron presentarse ao VI Concurso de Intervencións Artísticas nas Torres Hejduk. O proxecto gañador desta edición foi Stay here, do sevillano Alejandro Ginés, que converterá os dous edificios nunha enxeñosa e interactiva matrioska.





Proxección documental A imaxe reb/velada

DATA: 1 de setembro de 2018
ESPAZO: Museo Centro Gaiás
ASISTENTES: 20 persoas

No marco da exposición *Baldomero Pestana, a verdade entre as mans*, o 1 de setembro, véspera da clausura, proxectouse o documental *A imaxe reb/velada*, dirixido por Andrea Vázquez García. O filme percorre as vivencias do artista galego, a cabalo entre Arxentina, Perú e Francia, onde desenvolveu gran parte do seu traballo, e Galicia, a onde regresou nos seus últimos anos. A proxección contou coa presenza da directora do documental e coas palabras de agradecemento de Carmen Coira en nome da familia do artista.

02.06

Visitar o Gaiás

Programa de visitas

VISITAS DIDÁCTICAS:

12.441 escolares de **514** centros

VISITAS CONCERTADAS:

3.726 persoas en **227** grupos

VISITAS REGULARES:

4.353 persoas en **329** grupos

TOTAL DE ASISTENTES:

20.760 persoas

TOTAL DE GRUPOS ATENDIDOS:

1.019 grupos

O servizo de educación e mediación da Cidade da Cultura de Galicia ofrece ao longo do ano visitas guiadas orientadas a tres grandes tipos de públicos: **visitas didácticas** para centros educativos e adaptadas aos diferentes currículos escolares, **visitas concertadas** para grupos –atendendo aos seus intereses e necesidades– e **visitas regulares**, sen necesidade de reserva, dos diferentes espazos e contidos e dirixidas de maneira xeral a todos os públicos.

Atendendo á súa temática, as visitas poden ser **arquitectónicas** –accedendo a lugares habitualmente non abertos ao público e coñecendo os secretos do proxecto de Eisenman– aos **espazos naturais** –descuberta das novas áreas verdes e da súa riqueza medioambiental– ou as específicas de cada unha das **exposicións** programadas.

Todas elas son de balde e ofrecidas por guías especializados.





Visitas didácticas para centros educativos: En 2018 o Gaiás converteuse nunha ferramenta educativa de primeira orde, coa celebración de grandes exposicións de diferentes temáticas ao longo do ano lectivo e mantendo os seus contidos habituais de arquitectura e natureza. Estas mostras supuxeron unha grande oportunidade para descubrir os pormenores dos seus contidos adaptados aos diferentes niveis académicos, das que os centros educativos tiraron o máximo proveito. Destacou ademais a demanda de visitas de centros educativos de formación para adultos, escolas artísticas así como cursos de arquitectura e ciclos de FP ou obradoiros de emprego procedentes de diferentes concellos galegos.

Ademais, baixo a filosofía da educación inclusiva no Museo, atendéronse múltiples colectivos con diversidade funcional e necesidades específicas; dándolle a benvida á heteroxeneidade e adaptándose ás especificidades e necesidades do grupo, ao seu estilo de aprendizaxe e aos seus intereses asegurando en todo momento a súa participación.

Visitas para grupos concertados: Para todos os colectivos interesados en coñecer en profundidade tanto as exposicións do Museo Centro Gaiás como o complexo arquitectónico e os espazos naturais, o departamento de visitas da Cidade da Cultura de Galicia dispón dun sistema de reservas á carta no que escoller os contidos nos que se desexa afondar e poder visitar exposicións e espazos. Os colectivos máis destacados nesta categoría foron os pertencentes ao tecido asociativo de toda a comunidade galega, grupos turísticos desprazados por medio de axencias de viaxes e os grupos de congresos e convencións nomeadamente celebrados na cidade de Santiago de Compostela.

Neste epígrafe cabe destacar tamén visitas realizadas para **prescriptores** do sector turístico –tales como axentes de viaxes, guías oficiais de turismo ou hostaleiros–, visitas personalizadas para film comissions na procura de **localizacións para rodaxes** de películas, series de televisión, spots publicitarios ou vídeos musicais; e **visitas institucionais** para autoridades como embaixadores, agregados culturais, membros de grupos parlamentarios e directivos de entidades públicas e privadas.




No museo pola cara. Obradoiro con Tamara de la Fuente

DATA: 8 e 9 de maio

ESPAZOS: Obradoiro: Diferentes espazos // Exposición: Planta 0

ASISTENCIA: 100 participantes de 3º da ESO e Bacharelato

Este obradoiro organizouse para achegar a figura de Baldomero Pestana ao alumnado dos últimos cursos da ESO e Bacharelato coa intención de comunicar as artes fotográficas de Baldomero Pestana a través das ferramentas que utiliza a mocidade para a súa comunicación visual, as cámaras dos teléfonos móbiles. O obradoiro foi impartido pola fotógrafa viguesa Tamara de la Fuente, creativa audiovisual e directora de arte que forma parte do equipo de festivais de prestixio como o PlayDoc, Carballo Interplay ou Curtocircuíto. O obradoiro tiña lugar no Museo Centro Gaiás tras visitar a exposición e coñecer as técnicas do fotógrafo de Castroverde. Ao longo de dúas horas, e a través das claves dadas por de la Fuente, o alumnado practicaba en diferentes lugares da cidade da Cultura de Galicia as novas técnicas a través da cámara do seu teléfono móbil. Como exercicios na aula tiñan que facer un retrato a un compañeiro (motivo principal da obra de Pestana) e un autorretrato. Quedaba un terceiro exercicio que tiveron que realizar pola súa conta: retratar á persoa de máis idade da súa familia. O froito deses traballos puido verse no andar 0 do Museo Centro Gaiás ata a clausura da exposición de Baldomero Pestana, a verdade entre as mans.



Día Internacional dos Museos

DATAS: 18 e 19 de maio de 2018
ESPAZO: Museo Centro Gaiás
NÚMERO DE ACTIVIDADES: 20
ASISTENTES: 745 persoas

A Cidade da Cultura celebrou por todo o alto o Día Internacional dos Museos cunha ampla programación distribuída ao longo de dúas xornadas. O lema deste 2018 foi a hiperconectividade, co obxecto de amosar ao público as conexións que se establecen desde o Museo Centro Gaiás cara ao exterior. Houbo 13 tipos de visitas adaptadas aos distintos públicos: desde familiares ata nocturnas, pasando polas arquitectónicas, en liña e en formato reducido.

Os temas foron moi diversos e os interesados puideron aprender como se xestiona unha exposición, coñecer os espazos ocultos do Gaiás, votar a súa obra favorita e levar unha foto de recordo da xornada, entre outras moitas cousas. Ademais, inaugurouse a mostra , que amosa retratos realizados por un cento de estudantes.



ACTIVIDADES DÍA DOS MUSEOS

No Museo, pola Cara. No Museo Centro Gaiás exhibíronse os retratos e selfies realizados por 100 alumnos e alumnas de 3º ESO e Bacharelato no obradoiro de retrato fotográfico, impartido o 8 e 9 de maio por Tamara de la Fuente, creativa audiovisual e directora de arte que forma parte do equipo de festivais de prestixio como o PlayDoc, Carballo Interplay ou Curtocircuíto.

Coñece o museo por dentro. As persoas que se inscribiron a esta actividade puideron descubrir como se xestiona en todos os seus procesos unha exposición, da man do Departamento de Exposicións e tomando como modelo as dúas grandes exposicións que acollía neste momento o Museo Centro Gaiás: Galicia Universal. A arte galega nas coleccións ABANCA e Afundación, e Baldomero Pestana. A verdade entre as mans.

Visitas temáticas: O servizo de didáctica do Museo Centro Gaiás preparou unha serie de visitas especiais de curta duración e destacando os principais temas das dúas exposicións abertas eses días. Puidemos facer así os seguintes percorridos: A emigración na arte galega, O retrato, Entre a posmodernidade e a fin da arte, os espazos ocultos do Gaiás, Picasso en Galicia Universal, Os sons de Galicia Universal e Baldomero Pestana.

Visitas Nocturnas. O Museo Centro Gaiás dun xeito distendido e cunha sesión de DJ, amosou outro xeito de coñecer as exposicións que acolle o Museo Centro Gaiás: Baldomero Pestana, a verdade entre as mans e Galicia Universal. A arte galega nas coleccións ABANCA e Afundación.

Descubre a túa peza favorita. Quixemos saber cal é peza favorita do noso público, obra ou autor favorito das exposicións que acolle o Museo Centro Gaiás. Non só o consultamos, senón que o colgamos nas redes sociais para que se coñezera a opinión, impresión ou criterio.

Photocall. Animamos ao público que asistiu durante estes dous días de festexo a ser partícipes do photocall, aproveitando todo o noso atrezzo artístico, inspirado nas nosas exposicións. Animando aos visitantes a tirar de foto de recordo e a subila ás redes co cancelo #DIM18 #DIM18Gaiás #DIMGaiásHiperconectadosContigo

Camiño ao Gaiás



DATAS: todos os xoves do 5 de xullo ao 13 de setembro de 2018

ESPAZO: Bosque de Galicia

COLABORACIÓN: Fundación USC Deportiva

ASISTENTES: 186 persoas

A posta en valor da fermosa contorna natural e patrimonial que leva ata a Cidade da Cultura e a descuberta dalgunhas das xoias arquitectónicas de Santiago de Compostela. Estes son os principais obxectivos de Camiño ao Gaiás, unha iniciativa que cada ano ofrece andainas comentadas desde o centro histórico ata o complexo deseñado por Peter Eisenman. Unha vez chegados á Cidade da Cultura, moitos optaron por gozar dun solpor de boa música cos concertos de Atardecer no Gaiás. Ademais, en 2018 volveu a ofrecerse a ruta nocturna desde o *Punto On* da Cidade da Cultura.

Andainas diúrnas ás 19:00 h.

Andainas nocturnas ás 22:30 h. (Os días 12 e 19 de xullo e 9 e 16 de agosto)



Visitas astronómicas

DATAS: 7, 14 e 21 de xullo; 4, 11, 12 e 18 de agosto; 1, 8 e 15 de setembro de 2018

ESPAZOS: Espazos exteriores; en caso de choiva, Auditorio Neira Vilas

DIRECCIÓN CIENTÍFICA: Jose Ángel Docobo Durántez

COLABORACIÓN: Observatorio Astronómico Ramón María Aller USC

ASISTENTES: 1.000 persoas

As visitas astronómicas volveron á Cidade da Cultura para transformala nun observatorio privilexiado do ceo nocturno da capital galega. O Gaiás acolleu as sesións de observación astronómica, nas que os participantes puideron gozar das estrelas e da arquitectura do complexo ao mesmo tempo. Ademais, coa axuda dun planisferio, aprenderon a identificar as constelacións á primeira ollada e tomaron parte en sesións especiais como A noite das perseidas.

As Nocturnas

DATAS: todos os venres do 24 de agosto ao 14 de setembro de 2018

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

COLABORACIÓN: D.O.P. Arzúa-Ulloa

ASISTENTES: 120 persoas

A Cidade da Cultura programou para as noites dos venres de final do verán unha descuberta íntima e distendida das grandes exposicións que acolleu o Museo Centro Gaiás: *Baldomero Pestana, a verdade entre as mans e Galicia Universal. A arte galega nas coleccións de ABANCA e Afundación*. Estas visitas comentadas remataron cunha degustación de queixos da D.O.P. Arzúa-Ulloa seguida dunha sesión DJ. Grupos de máximo 30 persoas, música axeitada para o momento, espazo para a conversa e petiscos fan das Nocturnas un acubillo de creación, ritmo e lecer.



02.07

Patrocinio e Colaboración

O programa cultural da Fundación Cidade da Cultura conta para todas as súas actividades co patrocinio do Fondo Gaiás da Empresa Galega:

ABANCA

AFUNDACIÓN

INDITEX

INVERAVANTE

NATURGY

FUNDACIÓN BARRIÉ

BANCO SABADELL

COREN

CAMPO

GADISA

GRUPO NOSA – TERRA 21

ASTILLEROS BARRERAS

R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA

MONBUS

Ademais, en 2018 contouse coa colaboración e o patrocinio de*:

Fundación Banc Sabadell

Viaqua

Grupo Mahou San Miguel – Cervezas Alhambra

Afundación**

Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)**

Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música (INAEM)

Institut Français

Instituto Camões

[*aportación en metálico] [**colaboración co Centro de Emprendemento]

Outras entidades colaboradoras para o desenvolvemento de actos e actividades en 2018*:**

Centro Galego de Arte Contemporánea

Concello de Santiago

Centro Dramático Galego – Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)

Indicación Xeográfica Protexida Castaña de Galicia

Martín Códax

Pérez La Fuente

Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA)

Torre de Núñez

C.R.D.O. Monterrei

C.R.D.O.P. Arzúa Ulloa

C.R.D.O.P. Queixo Tetilla

C.R.D.O.P. Mexillón de Galicia

Coca Cola Iberian Partners

[***aportación en especie]

03

Emprender no Gaiás





O emprendemento é, xunto coa tecnoloxía e a cultura, un dos tres eixes de acción nos que opera a Cidade da Cultura. O Centro de Emprendemento (CEM) do Gaiás continúa a consolidarse como o maior de Galicia, tanto por número de empresas e emprendedores residentes como pola súa programación. Espazo de coworking, viveiro de empresas, programas de asesoría, tutoría e acompañamento, identificación de novas oportunidades, formación, networking... O CEM é un espazo orientado a potenciar a incubación de proxectos culturais, creativos e tecnolóxicos para facer realidade a idea de negocio dos emprendedores. No ano 2018, máis de 100 empresas beneficiáronse dos servizos do CEM, que organizou 71 sesións e eventos con preto de 14.113 asistentes.

Premios Emprende Gaiás-Sixto Seco

Boina Galega, Gaita Galega MIDI e Minervas Voice foron os proxectos gañadores da sexta edición dos premios Emprende Gaiás-Sixto Seco. O primeiro, vencedor na modalidade de deseño, xestión cultural e creación artística e plástica, é unha idea da artesá Sandra Vilas, que aspira a colocar no mercado a primeira boina galega do século XXI mediante a reinterpretación dos modelos tradicionais con materiais de alta calidade. Gaita Galega MIDI e Minervas Voice compartiron o premio na modalidade de proxectos en internet e desenvolvemento de aplicacións informáticas no sector cultural. O primeiro foi impulsado polo músico e enxeñeiro informático Alejo Pacín Jul, que quere fabricar a primeira gaita electrónica baseada en software e hardware libre. Por outro lado, a plataforma web Minervas Voice, promovida por María Ignacia Ceballos, reunirá información e producións audiovisuais sobre mulleres inspiradoras ao longo da historia.

Cada proxecto galardoado recibiu un premio en metálico —3.000 euros para cada modalidade— e a posibilidade de incorporarse de maneira gratuíta e durante un ano ao coworking do CEM. O acto de entrega dos galardóns, celebrado o 19 de novembro coa asistencia de 400 persoas, contou coa participación da escritora e divulgadora Elsa Punset. Desde a súa primeira convocatoria no ano 2013, téñense presentado a estes premios arredor de 120 proxectos e ideas emprendedoras.



CreaGaiás

A xornada lúdico-formativa CreaGaiás reuniu no CEM 150 emprendedores e profesionais das industrias creativas e culturais nun programa que incluíu obradoiros, charlas, espazo para o networking e un mercado creativo ideado para dar visibilidade ás empresas residentes no coworking da Cidade da Cultura. Nesta xornada, celebrada o 13 de abril, tamén se entregaron os dous galardóns do primeiro certame fotográfico CreaGaiás7x7, que recoñece as mellores imaxes relacionadas co emprendemento. Os premiados foron o artista plástico-visual e estudante de fotografía Gery Alejandro Pérez e a emprendedora Nuria Díaz.



Servizo de titorización do CEM

A Cidade da Cultura reforzou en 2018 o seu programa de titorización para as empresas do CEM. O servizo inclúe formación e asesoramento a emprendedores das industrias culturais e creativas en áreas como a busca de financiamento, a presentación de proxectos, a definición do modelo de negocio, habilidades directivas e ferramentas de venda e mercadotecnia. Nunha primeira fase realizouse unha toma de contacto coas empresas para localizar os puntos débiles de cada proxecto e estudar alternativas.

Programa Go2Work

O plan integral de apoio a emprendedores do programa Go2Work beneficiou na súa terceira edición 22 empresas culturais e tecnolóxicas de nova creación. Esta iniciativa, froito da colaboración co Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a Escola de Organización Industrial (EOI), desenvolveuse entre marzo e xuño de 2018. Os proxectos beneficiados accederon a sesións informativas, tutorías e networking, que culminaron cun Demo Day no que cada participante presentou a súa iniciativa. O Demo Day de 2018 celebrouse o 26 de setembro e reuniu 300 persoas.



Formación en desenvolvemento de videoxogos

O programa *Constrúe o teu futuro: Videoxogos e Emprendemento*, organizado pola Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, o CEM e a Fundación Incyde, permitiu que 17 mozos e mozas se iniciasen no desenvolvemento de videoxogos e ampliasen os seus coñecementos no campo da creatividade dixital. A actividade desenvolveuse do 16 de abril ao 25 de maio e inscíbese nun conxunto de accións dirixidas a facilitar a incorporación ao mercado laboral a menores de 30 anos a través de accións de fomento, formación e apoio ao emprendemento.



Xornada de emprego e inclusión

Dentro da ampla programación de actividades ofrecida polo CEM, inscribiuse unha xornada sobre emprego e inclusión promovida por Acción contra el Hambre. O evento afondou no impacto das iniciativas de emprendemento e procura de emprego na inclusión social. Os participantes analizaron experiencias en primeira persoa do Vives Proxecto, desenvolvido en Galicia por esta ONG para apoiar persoas desempregadas ou en situación de inestabilidade laboral. Como resultado desta iniciativa, 112 persoas accederon a un posto de traballo e outras 22 crearon o seu propio negocio na comunidade autónoma desde 2016. Acción contra el Hambre conta coa súa sede en Galicia no viveiro de empresas do Gaiás.



IV Maker Faire Galicia

O Museo Centro Gaiás acolleu do 23 ao 25 de novembro a maior feira de inventores do mundo. A celebración da Maker Faire forma parte do acordo entre a Fundación Cidade da Cultura e o Concello de Santiago de Compostela para a promoción do Gaiás como un centro de innovación empresarial no ámbito das industrias creativas. Un espazo para compartir coñecemento, favorecer contactos profesionais e dar a coñecer os proxectos do movemento maker, con actividades de diferentes disciplinas para todos os públicos: robótica, mecánica, ciencia, arte urbana, música, electrónica etc. Calcúlase que nesta cuarta edición visitaron a feira unhas 10.000 persoas.



Atlantic Emprende+Gaiás

Preto de 300 profesionais, estudantes e emprendedores da industria musical reuníronse os días 24 e 25 de marzo na Cidade da Cultura para coñecer mellor a realidade do sector e explorar novos mercados e liñas de negocio. Foron dúas intensas xornadas de conferencias, sesións formativas, networking e espazos de debate onde se abordaron cuestións como o rol da música no desenvolvemento dos territorios e no sector turístico, modelos de eventos e festivais adaptados aos novos públicos e estratexias de comunicación e promoción innovadoras.

Xornadas InquEDU

Compartir iniciativas, divulgar ideas e proxectos pedagóxicos innovadores e fomentar o debate e a reflexión sobre novas propostas educativas. Estes foron os obxectivos de InquEDU: Falemos de Educación, un espazo aberto e innovador dirixido a estudantes, mestres e familias. O encontro, no que participaron 400 persoas, celebrouse os días 25 e 26 de maio e contou coa colaboración da Fundación Galicia Sustentable.



Presentación en Culturalgal



O Centro de Emprendemento do Gaiás deuse a coñecer na XI edición do Culturalgal cunha presentación a cargo de Ana Isabel Vázquez Reboredo, directora xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia; Berta Álvarez Buylla-Falces, responsable do CEM; e Sandra Vilas, promotora de Boina Galega, un dos tres proxectos galardoados en 2018 cos premios Emprende Gaiás-Sixto Seco. A presentación tivo lugar o 30 de novembro no Pazo da Cultura de Pontevedra.



Colaboración con asociacións empresariais

A Cidade da Cultura e a Asociación de Jóvenes Empresarios de Galicia (AJE) reforzaron a súa colaboración coa sinatura, en outubro, dun novo convenio que dá continuidade ao compromiso de favorecer o emprendemento e a creación de novas empresas. Segundo o documento, que se encadra dentro do Plan de Emprendemento do Gaiás, ambas entidades programarán accións conxuntas das que se poderán beneficiar máis dun milleiro de empresarios e emprendedores.

O convenio establece que AJE Galicia conta cun espazo de balde no CEM, con acceso a todos os servizos e infraestruturas do centro, onde a asociación vén organizando actividades para impulsar a creación e consolidación de novas empresas galegas. Este lugar serve tamén de sede para a delegación da AJE en Santiago de Compostela. Pola súa banda, á asociación correspóndelle a promoción entre os seus afiliados das actividades que se programen no CEM, así como a realización de encontros, accións formativas e de ampliación da rede de contactos tanto das empresas asociadas como daquelas que se atopan no coworking e no viveiro de empresas do Gaiás.



Encontros WOS Festival

No marco deste festival da cultura alternativa e de vangarda, a Cidade da Cultura acolleu catro faladoiros abertos ao público, entre os que destacou o encontro con Peter Kember (Sonic Boom), referente de culto da música moderna. Analizar e compartir novas formas de xestionar e facer cultura é o principal obxectivo dos encontros, que son unha cita obrigada para os traballadores do sector. A colaboración co WOS Festival encádrase na estratexia que está a desenvolver o CEM para apoiar as iniciativas emprendedoras no ámbito da cultura.

04

Biblioteca de Galicia





Desde o seu emprazamento na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela, a Biblioteca de Galicia funciona como elemento central do sistema galego de bibliotecas. A Biblioteca de Galicia é quen une os diferentes centros da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, pero tamén quen fai os traballos de conexión deste ecosistema coas bibliotecas doutras redes. Ademais, é a súa embaixadora no ámbito bibliotecario internacional.

Os seus fondos asumen ademais unha función de salvagarda, conservación e difusión do patrimonio bibliográfico galego. A Biblioteca de Galicia é o centro de referencia e, por tanto, a responsable de conservar todos os libros, e demais materiais bibliográficos, que se publican cada ano centrados en temas galegos, escritos por autores ou autoras galegos ou editados en lingua galega. Esta condición fai que sexa unha biblioteca orientada de xeito preferente aos investigadores, aos estudosos e a aquelas persoas que están interesadas na cultura e nas letras galegas.

A través da web bibliotecadegalicia.xunta.gal, os interesados poden consultar o catálogo dos seus fondos, que abranguen desde as coleccións bibliográficas doadas por grandes persoas da nosa cultura, como Isaac Díaz Pardo ou Basilio Losada, ata unha das coleccións hemerográficas máis completas da nosa comunidade autónoma. Este sitio funciona tamén como elemento de divulgación das actividades e dos contidos que acolle a biblioteca e complementase co da Biblioteca Dixital de Galicia, que outorga acceso directo aos seus visitantes a —entre outros— unha parte importante dos fondos dixitalizados da Biblioteca de Galicia.



Biblioteca Dixital de Galicia

Vinculada á Biblioteca de Galicia, a Biblioteca Dixital de Galicia é o escaparate que permite á cidadanía acceder aos fondos históricos ou a aqueles de interese público conservados nas bibliotecas galegas. A Biblioteca Dixital nítrese do traballo de dixitalización que as bibliotecas dependentes da Dirección Xeral de Políticas Culturais están realizando de forma constante. A estes contidos súmanse os fondos procedentes doutras institucións da memoria que, polo seu interese, merecen ser incluídos na plataforma.

A Biblioteca Dixital de Galicia está accesible no enderezo <http://biblioteca.galiciana.gal> e forma parte de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia, a gran plataforma de consulta do patrimonio cultural galego dixitalizado. Os contidos que se poden consultar na Biblioteca Dixital son de acceso libre xa que, ou ben son dixitalizacións realizadas sobre obras que están en dominio público, ou porque a Xunta de Galicia é a responsable dos seus dereitos de difusión. Os fondos da Biblioteca Dixital están integrados na indexación realizada por Hispana e Europeana, os dous grandes agregadores a nivel nacional e europeo, o que permite que cheguen a máis usuarias e usuarios.

A visibilidade de certos grupos de contidos aumentou durante o ano 2018 co lanzamento de varios micrositios especializados, que axudan os internautas a unha máis rápida localización. Un deses micrositios foi o deseñado para o Arquivo Personal de Camilo Díaz Balño, autor homenaxeado no Día da Ilustración. No 2018 tamén se creou un novo micrositio para o Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico de Galicia, o que permite dar acceso a 216.013 rexistros bibliográficos de monografías anteriores a 1958 e a 342.315 rexistros de exemplares pertencentes a 42 bibliotecas galegas.

Durante 2018, os fondos accesibles en Galiciana ampliáronse en 164.509 imaxes grazas aos traballos de dixitalización levados a cabo sobre os fondos hemerográficos de dúas bibliotecas xestionadas pola Xunta de Galicia, a Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola e a Biblioteca de Galicia. Na primeira púxose en marcha o proxecto de redixitalización de *El Pueblo Gallego*, entre os anos 1924 e 1963. Estes traballos permitiron non só mellorar a calidade das imaxes dos números que xa estaban accesibles en Galiciana, senón tamén descubrir e dar acceso a novas edicións que ata o momento non se atopaban identificadas. Na Biblioteca de Galicia continuáronse os traballos de dixitalización de *El Correo Gallego*, unhas das cabeceiras de prensa aínda vivas máis importante da nosa comunidade. A dixitalización deste xornal alcanza agora desde o seu primeiro número, do 1 de agosto de 1878, ata o 1 de xuño de 1940.

Adquisicións bibliográficas

Entre os obxectivos da Biblioteca de Galicia está conseguir contar co maior número posible de fondos relacionados con Galicia para conservar polo menos un exemplar de todo o publicado, impreso, producido ou gravado en Galicia ou relacionado con Galicia polo idioma, autoría ou temática.

A colección da Biblioteca de Galicia, creada e mantida para o cumprimento dese obxectivo, atópase en continuo crecemento xa que a produción editorial relacionada co ámbito temático galego tampouco deixa de incrementarse. A Consellería de Cultura e Turismo é consciente de que a colección custodiada e preservada na Biblioteca de Galicia ten que medrar anualmente mediante unha política de adquisicións baseada en criterios de calidade dos contidos, que dean resposta ás demandas dos usuarios e que promovan a conservación daqueles títulos que non estean suficientemente representados na resto das bibliotecas do sistema. Tendo en conta estes criterios, en 2018 adquiríronse un total de 749 unidades bibliográficas das que carecía a Biblioteca de Galicia.

Entre todas esas adquisicións, que responden a diferentes tipoloxías documentais, pódese destacar un lote de debuxos orixinais dos irmáns Alejandra e Ovidio Murguía de Castro, ou catro tomos, correspondentes aos números dos anos 1900, 1946, 1917 e 1918, do semanario ilustrado argentino *Caras e Caretas*, no que colaboraron destacados nomes da emigración galega nese país, como o caricaturista José María Cao Luaces.

As compras realizadas para incrementar a colección da Biblioteca de Galicia tamén incluíron obras dos grandes escritores galegos, como Valle-Inclán ou Álvaro Cunqueiro, libros de bibliófilo, do que é mostra *O humorismo gráfico de Castelao*, editado por Boreal, así como materiais especiais (carteis de cine, programas de festas populares,...) que, de non estar conservados e identificados na Biblioteca de Galicia, probablemente correrían o risco de desaparecer.



Catalogacións

A Biblioteca de Galicia impulsou en 2018 diversas actuacións de catalogación e de recollida de datos de fondos pertencentes a diferentes bibliotecas galegas para incorporalos aos catálogos colectivos da Rede de Bibliotecas de Galicia e do Patrimonio Bibliográfico (CCPB) do Estado español.

Na denominada Biblioteca Histórica do Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago de Compostela rematáronse os traballos de catalogación coa incorporación de 2.229 novas obras ao CCPB. Os traballos realizados na Biblioteca de Galicia centráronse en dous eidos: por un lado, mellorouse a calidade dos datos de 3.035 rexistros bibliográficos do CCPBG unificado integrado en Galiciana desde 2018; e, polo outro, catalogáronse 2.306 novas obras de fondo antigo incorporadas a súa colección nos últimos tempos.

As actuacións en tarefas de catalogación realizáronse tamén en dúas bibliotecas da cidade de Lugo xestionadas pola Xunta de Galicia. Na Biblioteca Pública de Lugo reforzouse e mellorouse a catalogación de 2.709 rexistros do seu fondo antigo, mentres que na Biblioteca dos IES “Lucus Augusti” realizouse a descrición bibliográfica e/ou de exemplar de 3.483 obras da súa colección patrimonial.

En total, as actuacións de catalogación e recollida de datos impulsadas pola Biblioteca de Galicia permitiron tratar máis de 13.762 ítems pertencentes ao patrimonio bibliográfico de Galicia, isto é, obras anteriores a 1958.



Exposicións

A Biblioteca de Galicia non é só un lugar para a preservación da cultura galega, senón tamén un organismo vivo que busca compartir os seus tesouros coa poboación galega. As exposicións son unha das vías que emprega para dar a coñecer e divulgar os seus contidos. O programa expositivo de 2018 contou con cinco mostras.

Balnearia Bibliográfica. Un percorrido polas augas minerais de Galicia

DATAS: do 7 de abril de 2017 ao 31 de xaneiro de 2018

As primeiras semanas do ano permitiron aos visitantes asistir á recta final dunha das exposicións centrais da Biblioteca de Galicia durante 2017. O pasado da Galicia balnearia, o seu peso económico e o seu impacto social foron postos en valor botando man de diferentes fondos bibliográficos relacionados. A mostra completouse cun catálogo impreso, presentado a comezos de 2018.

Camilo Díaz Baliño, a xenialidade truncada

DATAS: do 30 de xaneiro ao 7 de marzo

Vinculada ao Día da Ilustración, unha xornada promovida pola Consellería de Cultura e Turismo e pola Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI), a mostra puxo en valor o traballo de Camilo Díaz Baliño, o ilustrador homenaxeado en 2018, como escenógrafo, ilustrador de publicacións e pintor simbolista empregando debuxos, manuscritos, libros, fotografías e documentos persoais custodiados na Biblioteca de Galicia

María Victoria Moreno, a namorada adopción dunha lingua

DATAS: do 10 ao 31 de maio

María Victoria Moreno, escritora homenaxeada no Día das Letras Galegas 2018, foi a protagonista dunha mostra bibliográfica que permitiu coñecer o seu universo creativo e as súas principais obras.

As escrituras dos artistas. Autógrafos de pintores galegos na colección ABANCA

DATAS: do 27 de xullo ao 27 de outubro


Para esta mostra, 21 autógrafos de 18 artistas destacados da arte galega do século XX —como Castela, María del Carmen e Ánxel Corredoira ou Federico Ribas— saíron dos fondos da Biblioteca de Galicia, acompañados por algunhas das obras destes autores da colección artística de Abanca.

PortuGalicia. Bibliotecas no espello.

Unha viaxe polo libro e a literatura a través das edicións facsímiles

DATAS: do 11 de decembro de 2018 ao 19 de febreiro de 2019

A mostra amosou, cunha selección de 80 libros de produción literaria, a riqueza do patrimonio literario e libreiro de Galicia e Portugal a través das edicións facsímiles que abranguen desde o século XI á actualidade. Formou parte das actividades do Programa Nortear.



Actividades para celebrar as datas sinaladas

Ademais do programa de exposicións, a Biblioteca de Galicia contou cunha serie de actividades de dinamización cultural destinadas ao público xeral e vinculadas a diferentes datas sinaladas do ano. A biblioteca segue, como os demais centros da Rede de Bibliotecas de Galicia, o *Calendario do libro e da lectura*, que é deseñado cada ano e que marca os momentos máis importantes vinculados ao libro durante o período. Ao abeiro destas datas, celebráronse 21 obradoiros de temática variada, 2 espectáculos de maxia, 3 obras de teatro, unha delas facéndoa coincidir coa celebración do Día Mundial do Teatro, e 3 concertos didácticos, un deles con motivo da conmemoración do Día Internacional da Música. Un total de 29 actividades dirixidas a todo tipo de público, aínda que se tentou prestar especial atención ao público infantil e xuvenil.

Por outra banda, tamén se realizaron actividades específicas vinculadas aos días que poñen en valor os lectores e as bibliotecas. Durante o Día do Usuario/a das Bibliotecas, o 11 de xaneiro, a Biblioteca de Galicia agasalhou aos seus visitantes cun libro; durante o Día do Libro Infantil e Xuvenil, o 2 de abril, repartiu libros e contou cun obradoiro que unía chocolate e libros; e durante o Día do Libro, 23 de abril, ofreceu obradoiros e libros de agasallo.

O Día das Letras Galegas contou igualmente cunha programación propia, que incluíu un obradoiro literario-creativo e un espectáculo familiar, todos eles vinculados á obra de María Victoria Moreno. Houbo tamén unha visita guiada ás instalacións, ademais da exposición coa obra da autora que ten nos seus fondos a Biblioteca de Galicia.

Por último cabe destacar que para conmemorar o Ano do Europeo do Patrimonio Cultural, a Biblioteca de Galicia programou todos os meses desde febreiro a decembro unha pequena mostra bibliográfica na que se expuxeron fondos custodiados nos seu depósitos vinculados aos diferentes dominios do patrimonio cultural, material e inmaterial.



Xornadas técnicas


A Biblioteca de Galicia desenvolve anualmente un programa de dúas xornadas técnicas, unha no primeiro semestre do ano e outra no segundo, co obxectivo de mellorar a formación e dar a coñecer outras realidades bibliotecarias aos profesionais que traballan nas bibliotecas galegas.

A primeira delas tivo lugar o 8 de xuño baixo o título *Prensa histórica e xeración de coñecemento: do papel ao dixital*. Con inscrición de balde ata completar as 100 prazas de capacidade do Auditorio Xosé Neira Vilas do Edificio do Arquivo e Biblioteca de Galicia, o encontro centrouse na prensa histórica como fonte de información, nas novas tecnoloxías como ferramenta para a súa conservación e nas recompilacións e estudos sobre a historia da prensa galega. As presentacións realizadas polas expertas e expertos participantes están accesibles na web da biblioteca.

A segunda xornada técnica, *Redescubriendo o patrimonio bibliográfico: situación actual e perspectivas de futuro*, celebrouse o 14 de decembro. Os asistentes puideron coñecer como está a situación actual dos traballos sobre o patrimonio bibliográfico en España e Italia, xa que acudiu como poñente a coordinadora de *Area di attività per la bibliografia, la catalogazione e il censimento del libro antico* do Instituto Central para o Catálogo Único italiano. Tamén tiveron ocasión de descubrir algunhas das coleccións de fondo antigo máis importantes do noso país, como as que custodian a Institución Colombina de Sevilla, a Biblioteca Real ou a Biblioteca Histórica da Universidade Complutense de Madrid.

05

O Arquivo de Galicia





Desde a súa creación no ano 2010 (Decreto 207/2010, do 10 de decembro) o Arquivo de Galicia, que ocupa xunto á Biblioteca de Galicia un dos edificios do complexo da Cidade da Cultura, exerce un relevante papel como arquivo intermedio e histórico do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia e como coordinador do Sistema de Arquivos de Galicia.

Incorporación de novos fondos

Como arquivo intermedio e histórico durante o ano 2018 engadiu case 900 m.l. ao volume documental que custodia, hoxe en día próximo aos 20 km.

Aínda que a maior parte destas incorporacións proceden dos arquivos centrais e das unidades administrativas da Xunta de Galicia, unha pequena parte ten unha orixe privada, coa finalidade de preservar e difundir o patrimonio documental de Galicia. No ano 2018 recibíuse a doazón, por parte de Roberto López López, do Arquivo do Pazo de Pardiñas, composto por 12 unidades de instalación que abranguen desde o século XVI ata 1942, e ilustran cinco séculos de historia da comarca do Deza.



O impulso da xestión documental

O Arquivo de Galicia colabora estreitamente coa Amtega e a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa no que se refire aos procedementos de xestión documental e o desenvolvemento da Administración electrónica, especialmente na identificación e avaliación dos procedementos administrativos, a súa clasificación e a actualización do Inventario de Información Administrativa da Xunta de Galicia.

Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia e Galiciana Patrimonio Dixital de Galicia



O Arquivo de Galicia desenvolve tamén unha intensa actividade na promoción, conservación e acceso ao patrimonio cultural de Galicia. Neste sentido, ademais de organizar e describir os seus propios fondos, coordina a plataforma de xestión dos centros integrados no Sistema de Arquivos de Galicia, que proporciona datos recolectables a Galiciana Patrimonio Dixital de Galicia e aos principais servizos de agregación e recolección nacionais e internacionais como Hispana ou Europea e rexistrado nalgúns dos principais directorios internacionais que lle dan máis visibilidade e accesibilidade: Open Archives Initiative; WordCat; ROAR e OpenDOAR.

Galiciana (www.galiciana.gal) é a cara máis visible dos programas de dixitalización promovidos para a difusión e a preservación que están realizando os arquivos galegos, coordinados polo Arquivo de Galicia e o Servizo do Sistema de Arquivos. Entre eles podemos destacar os desenvolvidos no marco dos proxectos 'Memoria Dixital de Galicia', ou 'Geoarpad: Patrimonio Cultural da Eurorrexión Galicia Norte de Portugal: Valorización e Innovación', que forma parte do programa de cooperación transfronteiriza España-Portugal. Financiado mediante a partida de fondos INTERREG 2014-2020 da Unión Europea, este proxecto busca, entre outros obxectivos, potenciar a dixitalización e difusión conxunta do arquivo patrimonial da eurorrexión formada por Galicia e o norte de Portugal.

En total, durante o ano 2018 integráronse en Galiciana un total de 14.058 rexistros descritivos e 908.525 imaxes.

Actividades de difusión

Comprometido coa difusión dos seus fondos e a divulgación de diferentes aspectos da historia, da xeografía ou da sociedade de Galicia, o Arquivo de Galicia organizou as seguintes mostras documentais e exposicións:

Santiago. Protección e transformación da cidade

DATAS: do 23 de abril ao 26 de xuño

Esta exposición inscribiuse dentro das actividades organizadas pola Consellería de Cultura e Turismo baixo o lema *Somos patrimonio* para contribuír á celebración do Ano Europeo do Patrimonio Cultural, tras a súa declaración polo Parlamento Europeo e o Consello da Unión Europea. O seu obxectivo era visualizar algúns cambios experimentados na cidade de Santiago ao longo dun período de corenta anos a través dos documentos do Arquivo de Galicia e de forma moi especial nos procedentes das diferentes comisións de patrimonio constituídas ao longo do tempo.

Mulleres sobranceiras. Música en feminino

DATAS: do 6 de marzo ao 17 de abril

Para celebrar o Día Internacional da Muller o día 8 de marzo, foron seleccionadas 28 pezas entre documentos textuais, fotografías e partituras. Coa mostra quíxose chamar a atención sobre o papel desenvolvido pola muller no ámbito da música, desde a esfera cotiá e doméstica, ata o ámbito profesional e intelectual no que hoxe en día se encontran dentro da escena musical.

Arquivos, gobernanza, memoria, patrimonio

DATAS: do 8 de xuño ao 17 de setembro

Esta actividade estivo vinculada ao Día Internacional dos Arquivos, unha celebración que ten lugar todos os 9 de xuño para conmemorar a creación do Consello Internacional de Arquivos (ICA). Partindo do lema seleccionouse polo ICA para 2018, "Arquivos: gobernanza, memoria e patrimonio", seleccionáronse unha mostra de documentos como testemuño de diferentes accións de goberno nos ámbitos da educación, o desenvolvemento económico, a saúde pública ou a participación cidadá e o seu impacto na sociedade.

Todas elas poden visitarse na sección de exposicións virtuais do Portal de Arquivos de Galicia.



Unha formación continua en arquivística

Dada a importancia de contar con profesionais capaces de afrontar os novos retos profesionais, o Arquivo de Galicia desenvolveu un programa de formación ao redor a diversos temas de interese do traballo arquivístico, como os novos modelos conceptuais de descrición, a metodoloxía e práctica dos procesos de identificación e avaliación documental ou os dereitos de propiedade intelectual. Aos cursos (*Modelo conceptual de descrición arquivística e sistemas de descrición multi-entidade; A descrición normalizada de autoridades nos arquivos; Metodoloxía de traballo, procedementos e prácticas da identificación e avaliación documental, e Dereitos de propiedade intelectual nos arquivos*) asistiron un total de 120 arquivistas do Sistema de Arquivos de Galicia.

O arquivo tamén colaborou no desenvolvemento do módulo do Curso Superior de Administración Electrónica, organizado pola EGAP e das *II Xornadas Olga Gallego de Arquivos*, organizada en outubro pola Fundación Olga Gallego na Coruña, ás que o Grupo de traballo de normalización da descrición presentou unha comunicación.

06

Eventos acolhidos na Cidade da Cultura





Os singulares edificios da Cidade da Cultura, conectados por rúas e prazas e dotados dun avanzado nivel tecnolóxico, configuran un espazo de excelencia para a reflexión, o debate e a acción orientados ao futuro de Galicia e a súa internacionalización. O complexo ofrece servizos de alugueiro de diferentes espazos arquitectónicos para a celebración de eventos de entidades públicas e privadas que atopan na Cidade da Cultura un marco excepcional para a celebración de congresos, encontros, reunións, cursos, conferencias, entregas de premios, concertos, rodaxe de filmes ou spots publicitarios, convencións, obradoiros, galas, feiras ou roldas de prensa.

En 2018, o Gaiás acolleu 416 eventos destas características, organizados e/ou co-organizados con institucións públicas, empresas privadas ou outro tipo de organizacións, e que recibiron un total de 71.282 asistentes.

Ademais das actividades realizadas pola Xunta de Galicia, con eventos de gran impacto en canto á difusión ou asistencia, algúns eventos destacados de 2018 foron o Campionato do Mundo de Xadrez das Categorias SUB-8, SUB-12 organizado desde a Federación Española de Xadrez, ou os diversos eventos realizados a través da FEGAMP ou a Cruz Vermella.

En canto ao mundo empresarial, firmas como El Corte Inglés, Grupo DRV Phytolab, Bridgestone ou Grupo Bosch, elixiron as instalacións da Cidade da Cultura para as súas presentacións tanto internas como de lanzamento de produtos ou campañas.

06.01

Eventos máis destacados

IV Encontro para Directivos Líderes de Galicia: 100 Consellos para o 2018

ESPAZO: Andar -1, Museo Centro Gaiás
ORGANIZADOR: Libredón Consultoría Empresarial
DATAS: 21 de febreiro de 2018
ASISTENTES: 500

Encontros para empresarios co obxectivo de compartir coñecemento e establecer redes de networking para apoiar empresas e proxectos emprendedores innovadores en diferentes sectores empresariais. Participaron no evento 10 conferenciantes procedentes do tecido empresarial galego que contaron á audiencia as claves do seu éxito.



Galicia en Dixital. Industria 4.0 Compartimos este camiño?

ESPAZO: Andar -1, Museo Centro Gaiás
ORGANIZADOR: Telefónica
DATAS: 28 de febreiro de 2018
ASISTENTES: 150

Esta xornada, organizada por Telefónica e a Xunta de Galicia, tivo por obxectivo facilitar o encontro e a participación dos axentes máis representativos de Galicia para compartir os avances e as tendencias relacionados coa Industria 4.0, que supón unha oportunidade clave para a mellora da competitividade da industria galega nun mercado cada vez máis global.





FP Innova 2018. Congreso de Innovación na Formación Profesional

ESPAZO: Hall e andar -1 do Museo e salón de convencións do Edificio CINC

ORGANIZADOR: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DATAS: 25 e 26 de abril de 2018

ASISTENTES: 8.000

Terceira edición desta iniciativa, promovida pola Xunta de Galicia, que se conforma como un espazo expositivo no que conflúen a innovación e o emprendemento, a formación e a empresa. O congreso contou cunha zona expositiva de 4.100 m², distribuída nos andares -1 e 0 do Museo Centro Gaiás, e foi inaugurado polo presidente da Xunta de Galicia e polo conselleiro de Cultura e Turismo, Román Rodríguez.



Conecta Fiction 2018

ESPAZO: Hall do Museo e Edificio CINC

ORGANIZADOR: AGADIC

DATAS: Do 18 ao 21 de xuño de 2018

ASISTENTES: 1.500

Galicia volveu converterse en punto de encontro da industria televisiva de Europa e América durante a celebración deste evento internacional dedicado á coprodución de series e miniserias. A Xunta, ICEX España Exportación e Inversiones e Fundación SGAE promoven esta iniciativa, que en 2018 incrementou ata 400 o número de profesionais acreditados. Procedentes de 17 países, desprazáronse ata Compostela representantes de 35 canles internacionais de televisión, así como de produtoras, distribuidoras, plataformas de OTT, creadores ou guionistas, entre outros profesionais na procura de contactos e acordos de coprodución no ámbito da ficción televisiva.

Medallas de Galicia

ESPAZO: Andar -1, Museo Centro Gaiás

ORGANIZADOR: Xunta de Galicia

DATAS: 24 de xullo de 2018

ASISTENTES: 800

A Medalla de Galicia é a máxima distinción de honra que concede a Xunta a persoas ou institucións que polos seus méritos ao servizo de Galicia en calquera aspecto da súa realidade social, cultural ou económica, sexan dignas de obter o recoñecemento do pobo galego. En palabras do Goberno galego, “cómprelles ás sociedades que teñen conciencia do seu ser e da súa presenza histórica, recoñecer e honrar as persoas e institucións que lles prestasen relevantes e meritorios servizos dignos de agradecemento público”.





Campionato do Mundo de Xadrez

ESPAZO: Andar -1, Museo Centro Gaiás

ORGANIZADOR: Federación Española e Galega de Xadrez

DATAS: Do 3 ao 5 de novembro de 2018

ASISTENTES: 24.000 persoas durante as 12 xornadas

A Cidade da Cultura de Galicia foi sede do Campionato Mundial de Xadrez das categorías sub-8, sub-10 e sub-12, evento que reuniu do 3 ao 16 de novembro a máis de 800 novas promesas deste deporte no Gaiás.

Máis de 800 xogadores de entre 8 e 12 anos medíronse nesta competición na que se deron cita nenos e nenas de 80 países e dos 5 continentes. Ademais, organizáronse actividades paralelas como cursos de adestradores e obradoiros de xadrez escolar, xunto a excursións coas que os participantes e as súas familias puideron coñecer non só Santiago de Compostela, senón outras cidades e lugares de gran valor paisaxístico, natural, arquitectónico e cultural de Galicia.

Cada día disputáronse 400 partidas simultáneas no Museo Centro Gaiás, un centenar das cales se puideron seguir en directo desde o espazo habilitado no exterior do museo e tamén vía streaming na web do campionato.

O Mundial disputouse a 11 rondas, entre os días 4 e 15 de novembro. O Campionato Mundial de Xadrez Cadete estivo organizado polas federacións galega e española de xadrez, co apoio da Fundación Cidade da Cultura e da Xunta de Galicia, o Concello de Santiago, a Deputación da Coruña e o Consello Superior de Deportes. Ademais, colaboran neste evento a asociación de empresarios Compostela Monumental, GADISA, AENA e Área Central).



I Foro Iberoamericano CPI e Innovación aberta no Sector Público

ESPAZO: Andar -1 Museo Centro Gaiás
ORGANIZADOR: Axencia Galega de Innovación
DATAS: 27 e 28 de novembro de 2018
ASISTENTES: 1.000

Encontro co obxectivo de seguir impulsando a Compra Pública de Innovación (CPI) como un instrumento que permite o desenvolvemento de solucións innovadoras que dean resposta aos retos e necesidades da sociedade, chegando a todos os axentes que participan nos procesos de innovación no sector público. O evento incorporou unha combinación de diferentes formatos como charlas inspiradoras, mesas de debate, obradoiros e smart speeches, deseñado para que todos os asistentes interactuasen.



Despunte Desfile EASD Mestre Mateo

ESPAZO: Andar -1, Museo Centro Gaiás
ORGANIZADOR: EASD Mestre Mateo
DATAS: 14 de decembro de 2018
ASISTENTES: 700

Presentación dos traballos do curso 2017-2018, unha ocasión para visibilizar o enorme talento novo, o saber facer e as horas investidas nos Traballos Finais de Estudos (TFE) do alumnado da EASD Mestre Mateo. A través do cento de deseños participantes puideron verse coleccións moi diferentes, xogos con estampados, cores, volumes e texturas, liñas masculinas e femininas e incluso modelos inspirados na metamorfose dos insectos.

E:HEALTH. Xornada técnica

ESPAZO: Auditorio 1, Edificio CINC
ORGANIZADOR: SERGAS
DATAS: 19 de xaneiro de 2018
ASISTENTES: 175

Xornada técnica con diversas mesas de debate centradas na definición dos principios de interoperabilidade e innovación de apps e enmarcada no Plan de Innovación Sanitaria Código100.



Brexit e o Sector Pesqueiro

ESPAZO: Auditorio 2, Edificio CINC
ORGANIZADOR: Consellería do Mar
DATAS: 26 de febreiro de 2018
ASISTENTES: 100

Seminario no que distintos países europeos puxeron en común información de interese e argumentos para a defensa do mar nas negociacións do Brexit. Nel participaron representantes do sector de Galicia e do resto de España e tamén de países como Holanda, Alemaña, Bélxica, Francia e Irlanda, países que teñen intereses comúns na defensa dos sectores do mar ante a saída de Reino Unido da Unión Europea.



Hubs de Innovación Dixital: novos marcos de colaboración

ESPAZO: Salón de Convencións, Edificio CINC
ORGANIZADOR: GAIN
DATAS: 2 de marzo de 2018
ASISTENTES: 250

Xornada de presentación dos Hubs de Innovación Dixital, como un dos principais instrumentos previstos no Plan Galicia Innova 2020 para dinamizar a innovación e que implica un novo marco de colaboración público-privada, aberta e intelixente.



Programa Lider-A: Avanzando en Igualdade




ESPAZO: Auditorio 1, Edificio CINC
ORGANIZADOR: Secretaría Xeral de Igualdade
DATAS: 7 de marzo de 2018
ASISTENTES: 170

Xornada coa participación de mulleres emprendedoras, directivas e académicas. Os diferentes paneis da xornada abordaron temas como a conciliación ou a presenza de mulleres en postos de liderado en diferentes ámbitos, ademais de debater sobre exemplos de modelos públicos de xestión e promoción da igualdade.

Feira de Innovación USC-ABANCA

ESPAZO: Salón de Convencións e Auditorios 1- 2, Edificio CINC
ORGANIZADOR: USC-ABANCA
DATAS: 27 de novembro de 2018
ASISTENTES: 300

O evento serviu para amosar o compromiso das dúas entidades no desenvolvemento do país, nunha xornada de portas abertas que achegou á cidadanía a oferta formativa, investigadora e de transferencia de coñecemento de USC e ABANCA, así como a súa aposta por difundir a cultura emprendedora entre os estudantes universitarios.





Premios Artesanía de Galicia

ESPAZO: Salón de Convencións, Edificio CINC

ORGANIZADOR: Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño

DATAS: 17 de decembro de 2018

ASISTENTES: 160

Entrega destes galardóns anuais que procuran recoñecer a mellora continua no labor dos profesionais do sector artesán galego e contribuír ao seu desenvolvemento económico e promocional.

SMART4WOOD. Tecnoloxías Dixitais para a Industria madeireira do futuro

ESPAZO: Auditorio Xosé Neira Vilas, Biblioteca e Arquivo de Galicia

ORGANIZADOR: Grupo Finsa

DATAS: 19 de outubro de 2018

ASISTENTES: 120

Presentación do proxecto Smart4Wood, programa europeo que lidera a compañía madeireira Finsa para promover a transformación dixital e tecnolóxica dos procesos produtivos e do resto da cadea de valor do sector.



Presentación Copa Mundial Vela

ESPAZO: Sala Eisenman
ORGANIZADOR: Xunta de Galicia
DATAS: 31 de outubro de 2018
ASISTENTES: 60

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, acompañado polo conselleiro de Cultura e Turismo, Román Rodríguez, participou na presentación en rolda de prensa de Galicia como sede do Campionato de Vela Europeo e Mundial nos vindeiros 2019, 2020 e 2021. O acto estivo presidido pola S.M. o Rei don Juan Carlos.



Mostra de obras realizadas por persoas con discapacidade

ESPAZO: Sala Eisenman
ORGANIZADOR: COGAMI
DATAS: Do 5 ao 9 de novembro de 2018

